

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/5/2022	GOB16I08T
4X65332F403H0K2R0VAG	

## ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIA O VINTEOITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTEDOUS

**SRES/AS ASISTENTES:****SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D<sup>a</sup> MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ  
D/D<sup>a</sup> NATALIA HERMIDA RICO  
D/D<sup>a</sup> JUAN PABLO MAURIZ ROMERO  
D/D<sup>a</sup> JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS  
D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO  
D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO  
D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA  
D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL  
D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY  
D/D<sup>a</sup> GERMAN CASTRILLON PERMUY  
D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR BLANCO ROCA  
D/D<sup>a</sup> JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO  
D/D<sup>a</sup> ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO  
D/D<sup>a</sup> MARCOS LOPEZ BALADO  
D/D<sup>a</sup> ESTRELLA CASTRILLON VIDAL  
D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO  
D/D<sup>a</sup> CATALINA MARIA GARCIA BLANCO  
D/D<sup>a</sup> SANTIAGO GALEGO CASTRO  
D/D<sup>a</sup> OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ  
D/D<sup>a</sup> EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:04 do vinteoito de abril de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno, deulle a súa aprobación.

**2 º.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES AÑO 2021.** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, en data 13 de abril de 2022 emitiu o informe que literalmente transcrito di:

**“ASUNTO:** *Concesión de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2021*

#### **ANTECEDENTES**

*Por Resolución da Alcaldía de data 8 de novembro de 2021 (PAR15I01Q) apróbanse as bases e a convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións e outras entidades de ámbito municipal.*

*A Intervención Xeral toma razón desta resolución con cargo á aplicación orzamentaria 9240.48001, documento contable A=220210016846.*

*Tendo en conta a data de aprobación das bases e da convocatoria, resultou totalmente imposible a resolución do expediente a 31 de decembro do 2021, dando cumprimento ao establecido no artigo 4 das bases reguladoras da convocatoria.*

*Unha vez rematado o procedemento de revisión e valoración dos expedientes, son ditaminados pola Comisión de Valoración o día 30 de marzo do 2022.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario en data 31 de marzo de 2022 emite informe (PAR16I00M), sobre o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria por parte das entidades solicitantes das subvencións, indicando que a concesión de subvencións deberá tramitarse como recoñecemento extraxudicial de créditos.*

*O artigo 11 da convocatoria establece que será a Alcaldía, a proposta do órgano instructor e previo informe da Comisión de Valoración, o órgano competente para acordar a aprobación ou denegación das subvencións municipais.*

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do orzamento en vigor.*
- *Convocatoria pública e bases reguladoras de concesión de subvencións e asociacións a outras entidades de ámbito municipal para o ano 2021.*

*A Base 15ª das Bases de execución do orzamento en vigor, no apartado c) dispón:*

*“O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.*

*Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitas a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos (...).”*

*O órgano competente para a aprobación da concesión de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2021 é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo aos créditos do orzamento en vigor.*

*Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 9240.48001 do orzamento en vigor, para tramitar, como recoñecemento extraxudicial, a concesión de subvencións municipais a asociacións e outras entidades de ámbito municipal, para o ano 2021, por importe de 27.061,31 €.*

*A Intervención Xeral en data 12 de abril de 2022 (ICO16I04P) emite informe de reparo ao informe-proposta da Xefa do Servizo sociocomunitario de 31/03/2022 (PAR16I00N), que terá efectos suspensivos ata que sexa solventado.*

*En base ao anterior, e tendo en conta as valoracións reflectidas nos informes de avaliación provisional, no ditame da Comisión de Valoración e o informe de reparo con efectos suspensivos, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, informa á Concelleira delegada de Participación Cidadá para que se someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación Persoal e Especial de Contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno a seguinte PROPOSTA:*

1º.- Levantar o reparo con efectos suspensivos da Intervención Xeral de data 12 de abril de 2022 (ICO16I04P), ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión de subvencións municipais a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2021.

2º.- Dada a información que obra no expediente, despréndese que as entidades solicitantes de subvención que se relacionan a continuación, compren todos os requisitos necesarios para acceder a ela, polo que se estima oportuna a súa concesión polo importe que se indica, con cargo a aplicación orzamentaria 9240.48001, ascendendo a contía total concedida a 27.061,31 €:

CIF	ENTIDADE	Solicitado	Cantidade que correspondería en función da puntuación asignada	Cantidade final a conceder	Actividades	Observacións
G15315864	ANPA COLEGIO JORGE JUAN	3.594,84 €	3.586,80 €	2.999,00 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escalada en mi cole: 199,87 €</li> <li>Taller de imáns- Entroido: 520,87 €</li> <li>Día do libro: 138,09 €</li> <li>Os Maios: 148,85 €</li> <li>Fin de curso: 501,48 €</li> <li>Samaiñ: 738,91 €</li> <li>Fin de Ano: 750,93 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.586,80 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, polo que lle correspondería 2.999,00 €.
G70370713	ASOCIACIÓN TRASPLANTADOS MEDULARES - ASOTRAME	978,76 €	3.184,20 €	978,76 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reflexos da vida: 978,76 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.184,20 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria. Ademais, a cantidade solicitada é de 978,76 €, polo que procedería conceder esta cantidade segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, no que se indica que cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a

						cantidade solicitada.
<b>G15614084</b>	ASOCIACIÓN GALEGA DO LUPUS	3.000,00 €	3.496,80 €	<b>2.999,00</b> €	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizo de información, orientación e asesoramento sobre lupus, e xestión administrativa : 2.999,00 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.496,80 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria. Ademais, a cantidade solicitada é de 3.000.00 €, polo que procedería conceder esta cantidade segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, no que se indica que cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.
<b>G15620628</b>	ASOC. FAMILIARES ENFERMO ALZHEIMER – AFAL FERROL	2.605,03 €	3.184,20 €	<b>2.605,03</b> €	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto piloto Tecendo Redes: 2.605,03 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.184,20 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria. Ademais, a cantidade solicitada é de 2.605,03 €, polo que procedería conceder esta cantidade segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, no que se indica que cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.
<b>G15058647</b>	ALCER CORUÑA	2.600,00 €	3.440,40 €	<b>2.600,00</b> €	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alcer 7 vidas: 2.600,00 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.440,40 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 €

						segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria. Ademais, a cantidade solicitada é de 2.600,00 €, polo que procedería conceder esta cantidade segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, no que se indica que cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.
<b>G15458060</b>	<b>ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" FERROL</b>	2.036,92 €	2.671,80 €	<b>2.036,92 €</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Competencias clave: 2.036,92 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 2.671,80 € pero a cantidade solicitada é de 2.036,92 €, polo que procede conceder esta cantidade segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, no que se indica que cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.
<b>G15202559</b>	<b>CLUB DE XUBILADOS E PENSIONISTAS SANTA ICIA</b>	2.034,60 €	2.818,20 €	<b>2.034,60 €</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bailes semanas con e sen animador: 922,04 €</li> <li>• Clube de lectura para maiores: 221,82 €</li> <li>• Curso básico informática: 216,00 €</li> <li>• Ximnasia mantemento maiores: 490,75 €</li> <li>• Xogos de</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 2.818,20 € pero a cantidade solicitada é de 2.034,60€, polo que o seguindo o artigo 10 das bases reguladoras de convocatoria, cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a

					cartas mus, dominó e tute: 183,99 €	cantidade solicitada.
<b>G15154230</b>	ASOCIACIÓN DE EXALCOHOLICOS FERROLTERRA	2.976,00 €	2.891,40 €	<b>2.891,00</b> €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Programa de intervención psicoeducativa en bebedores/as abusivos e/ou de risco do Concello de Narón: 2.891 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle corresponde a cantidade de 2.891,00 €
<b>G15029176</b>	COCINA ECONÓMICA DE FERROL	3.443,00 €	3.513,60 €	<b>2.999,00</b> €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cocina económica de Ferrol: 2.999,00 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.513,60 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria, polo que lle correspondería 2.999,00 pola puntuación obtida.
<b>G15072705</b>	ASOCIACIÓN DE VECÍÑOS OS IRMANDIÑOS	420,00 €	2.964,60 €	<b>420,00 €</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Festival fin de actividades: 252 €</li> <li>Festival Reis: 168 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 2.964,60 € pero a cantidade solicitada é de 420,00 €, polo que o segundo o artigo 10 das bases reguladoras de convocatoria, cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada. A isto hai que engadirlle que segundo o art. 5 das bases reguladoras a cantidade a conceder non pode superar o 60% do orzamento de gastos presentados, polo que procede conceder 420,00 €.
<b>G15366693</b>	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS FERROLTERRA	3.000,00 €	2.818,20 €	<b>2.818,00€</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boletín informativo dixital da Asociación de Empresarios Ferrolterra: 2.818,00 €</li> </ul>	Pola puntuación obtida lle corresponde a cantidade de 2.818,00 €

<p><b>G15524614</b></p>	<p>ASOCIACIÓN SAUDE MENTAL FERROL, EUME E ORTEGAL</p>	<p>2.100,00 €</p>	<p>3.330,60 €</p>	<p><b>1.680,00</b> €</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Programa de hábitos saudables: 1.680,00 €</li> </ul>	<p>Pola puntuación obtida lle correspondería unha contía de 3.330,60 € pero a cantidade a conceder ten que ser inferior a 3.000,00 € segundo o art. 10 das bases reguladoras da convocatoria. Aínda que a cantidade solicitada é de 2.100,00 €, segundo o art. 5 das bases reguladoras a cantidade a conceder non podendo superar o 60% do orzamento de gastos presentados, polo que procede conceder 1.680,00€.</p>
-------------------------	---	-----------------------	-------------------	------------------------------	---	--

3º.- Aprobado como recoñecemento extraxudicial a concesión de subvencións municipais ás entidades que se relacionan no apartado 2º desta proposta, por importe de 27.061,31 €, con cargo a aplicación orzamentaria 9240.48001 do orzamento en vigor, sen que se impidan ou limiten a atención das obrigas deste exercicio con cargo á mesma, non sendo necesaria a tramitación de expediente de modificacións de crédito algún.

4º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga ás entidades que se relacionan no apartado 2º e polo importe que para cada unha se indica.

O importe aboarase nun único pago con carácter de anticipo prepagable a xustificar.

5º.- O pagamento anticipado da subvención que se conceda á Asociación de Veciños Os Irmandiños (G-15072705) quedará condicionado a que se xustifique debidamente e se aprobe a xustificación da subvención concedida á dita asociación para o ano 2020.

6º.- Os beneficiarios dispoñerán dun prazo de 10 días dende a notificación da resolución da concesión da subvención para a aceptación da mesma. Transcorrido o dito prazo sen que se producira manifestación algunha expresa, entenderase tacitamente aceptada.

7º.- O prazo para presentar a xustificación da subvención concedida será dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión.

8º.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo.”.

Logo de ver o dito informe e visto o ditame favorable por maioría (3 abstencións do PP; e os votos a favor de TEGA -4-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-) na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas 21 de abril de 2022, o seu presidente propón ao Pleno:

1º Aprobado a proposta transcrita nos seus propios termos.

### **INTERVENCIÓNS**

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos.

Ben, como xa explicamos tamén na comisión neste caso son as subvencións de libre concorrencia para entidades, asociacións e como o ano pasado viña sufrindo tamén o tema da pandemia, foron convocadas a última hora para saber se as asociacións realmente ían a facer uso destas axudas e neste caso bueno, se trae como un expediente extraxudicial porque son subvencións do ano pasado que se pagarán neste curso. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todos e a todas.

Referente a estas subvencións que sacaron, nós xa o advertimos que as sacaban tarde e por riba con pouco prazo para que as asociacións presentaran as súas propostas, no. E a verdade é que nos ven a dar a razón porque de 40.000 euros que sacaron nesta convocatoria pois ao final só se conceden 27.000€, é dicir, un 68% do total. Nos ven a dar a razón de que se sacaban fóra de tempo e tarde.

E despois que non podemos entender e nós non podemos estar de acordo de que estas subvencións son do ano 2021, xustificanse con gastos do ano 2021 e vanse pagar con cargo aos orzamentos do ano 2022.

Polo tanto, sentíndoo pero non podemos estar de acordo. O noso grupo non pode permitir estar a favor desto..... que si estamos de acordo en que hai que sacar as subvencións pero hai que sacalas en tempo, en forma e que sexan adxudicadas no ano correspondente; e que se paguen cos fondos dos orzamentos do ano correspondente. Do ano 2021, non cos orzamentos do ano 2022.

Polo tanto, o noso voto vai ser a abstención.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

### **3 °.- PROPOSTA DE CONCESIÓN/DENEGACIÓN AXUDAS BONO BUS UNIVERSITARIO CURSO ACADÉMICO 2021-2022.**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, en data 18 de abril de 2022, emitíu o informe que, literalmente transcrito, di:

“**Asunto** : Concesión / denegación das axudas solicitadas en concepto de bonificación do 50% do billete diario do Bono Bus Universitario ás facultades do Campus da Universidade de A Coruña na Coruña, para o curso académico 2021-2022.

**DESTINATARIO** : Expediente

#### **ANTECEDENTES**

Mediante Resolución da Alcaldía de data 29/11/2021 (**ENS15I0QN**) se aprobaron as bases reguladoras que rexirían a concesión de axudas para o transporte escolar-Bono Bus Universitario, a correspondente convocatoria pública e o servizo de transporte para o Curso Académico 2021-2022. Bases e convocatoria que foron fiscalizadas de conformidade en data 26/11/2021 (**ICO15I0H5**) e publicadas no BOP nº 232, do 07 de decembro de 2021.

A Intervención Xeral toma razón desta resolución con cargo á aplicación orzamentaria 3260/47200, documentos contables A 220210018473 (setembro-décembro 2021) e A 220219000221 (xaneiro-xuño 2022).

Tendo en conta a data de aprobación das bases e da convocatoria, resultou totalmente imposible a resolución do expediente a 31 de decembro de 2021, dando cumprimento ao establecido no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, se procede á instrución dos expedientes. Unha vez comprobado que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, e a documentación acreditativa que conforma cada ún dos expedientes, se emiten, pola Técnica do Servizo Sociocomunitario, os correspondentes informes individuais de avaliación provisional, continuando a súa tramitación para ditame da Comisión de Valoración.

En data 04 de marzo de 2022, se reúne a Comisión de Valoración constituída pola Concelleira Delegada de Ensino e Bibliotecas, Dona M<sup>a</sup> de la Merced Taibo Rey, O Secretario Xeral do Concello, Don Alfonso de Prado Fernández-Canteli e a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Dona M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García e, previa revisión dos expedientes e informes individuais, emite ditame de valoración definitiva con expresión da relación de solicitantes para os/as que se propón a concesión da axuda, con indicación da porcentaxe de bonificación, renda familiar, umbral de renda segundo a convocatoria, importe por debaixo do umbral, importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda.





O artigo 10 da convocatoria establece que será a Alcaldía, a proposta do órgano instrutor e, previo informe da Comisión de Valoración, o órgano competente para acordar a aprobación ou denegación das axudas ao transporte universitario.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas AA.PP.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 471/2021, de 29 de junio, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2021-2022.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña.
- Bases municipais reguladoras da convocatoria.
- Informe xurídico da Xefa de Organización de data 12/11/2021 (PER15I33J).
- Acta da Comisión de Valoración.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas para o transporte universitario, Curso Académico 2021-2022, expediente que ten a súa resolución, debido aos trámites que conleva o procedemento a seguir, no exercicio 2022.

A Base 15ª das Bases de execución do orzamento en vigor, no apartado c) dispón:

“O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdense polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deban ser satisfeitas a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos (...).”

A tramitación deste expediente deberá cumprir co establecido, para os recoñecementos extraxudiciais de crédito, na Base 15ª das Bases de Execución do orzamento en vigor, por corresponder a unha convocatoria do exercicio 2021 que é resolta no exercicio 2022.

O órgano competente para a aprobación da concesión destas subvencións para o ano 2021 é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo aos créditos do orzamento en vigor.

Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3260 47200 do orzamento en vigor, para a tramitación como recoñecemento extraxudicial, da concesión das subvención para o transporte universitario setembro-décembro 2021, por importe de 1.413,00€.

Atendendo á anotación da Intervención Xeral de data 11/04/2022, onde dicía “Non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria 3260.47000 durante todo o ano en curso...”, debe dicir “*Non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria 3260.47200 durante todo o ano en curso...*”.

O 18/03/2022, a Interventora Municipal realiza no expediente ENS/58/2021, a seguinte anotación:

“Tendo en conta que a concesión do bono bus universitario abarca os períodos de setembro/décembro 2021 e xaneiro/xuño 2022, a concesión da parte correspondente ao período setembro/décembro 2021 debe realizarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de competencia plenaria. O

dito informe debe cumprir as formalidades que se establecen na Base de execución do orzamento nº 15, e na parte dispositiva debe constar expresamente a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito polo importe correspondente para a concesión das subvencións. Ao tratarse dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito as fases do gasto son autorización e disposición. Na proposta que formule o órgano instructor debe cumprir o que se establece no artigo 10 das Bases reguladoras da convocatoria : “O órgano instructor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver, e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás bonificacións”. A parte correspondente ao período xaneiro/xuño debe tramitarse separadamente (A: 220219000221).”

A Intervención Xeral, en data 12 de abril de 2022 (ICO16I04Q), emite informe de reparo ao Informe-Proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario de 31/03/2022 (ENS16I05P), que terá efectos suspensivos ata que sexa solventado.

En base ao anterior e, tendo en conta que non foi posible a resolución do expediente no exercicio 2021 polos motivos expostos, as valoracións reflectidas de avaliación persoal no ditame da comisión de Valoración e o informe de reparo con efectos suspensivos, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, INFORMA á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas para que se someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno, a seguinte PROPOSTA:

1º.- Levantar o reparo con efectos suspensivos da Intervención Xeral de data 12 de abril de 2022 (ICO16I04Q), ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión/denegación de axudas para o Bono Bus Universitario, Curso Académico 2021-2022.

2º.- Que da información que obra no expediente, despréndese que os/as solicitantes da axuda para transporte universitario que se relacionan a continuación, cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a ela, polo que se estima oportuna a súa concesión polos importes que se indican, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.47200, ascendendo a contía total concedida para o período setembro-décembro 2021, de **1.413,00€**.

ORDE	DNI	SOLICITANTE	%CONCEDIDO	Renda Familiar	Umbral de renda s/convoc	Importe por debaixo do umbral	Importe máximo da axuda 2021 (€)
1		BENHEDDA, FÁTIMA ZAHRA	50% BILLETE		47.146,00€		353,25€
2		BENHEDDA, HAFSSA	50% BILLETE		47.146,00€		353,25€
3		EL MOUSSAOUI, OUMAIMA	50% BILLETE		43.945,00€		353,25€
4		CORTÉS GARCÍA, ERÍN	50% BILLETE		22.594,00€		353,25€

**TOTAIS 1.413,00€**

- Período setembro-décembro 2021 por importe de **1.413,00€**, con cargo á aplicación orzamentaria **3260/47200**, operación contable RC 220189000220 (9.834,00€).

Atendendo ao art. 12 das bases da convocatoria, o/a estudante beneficiario/a está obrigado/a a xustificar a axuda concedida, presentando no modelo oficial facilitado polo Concello de Narón, a solicitude de pago do 50% do custe do billete ou bono, que previamente foi aboado na súa totalidade polo/a beneficiario/a no momento de adquirir o mesmo á empresa de transporte concesionaria do servizo. O Concello de Narón aboará o 50% do custe do billete ou bono, previa aprobación da solicitude de pago que presente o/a beneficiario/a da axuda, á que xuntará factura/as xustificativa/as coa data de adquisición do/s billete/s ou bono/s adquirido/os.

2.- A aprobación da concesión de subvención do 50% do billete universitario aos/as solicitantes para o período setembro-décembro 2021 deberá tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, sendo o Pleno o órgano competente para a concesión.

3º.- Aprobar como recoñecemento extraxudicial a concesión de axudas para o Bono Bus Universitario, Curso Académico 2021-2022, que se relacionan no apartado 2º desta proposta, por importe de 1.413,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.47200 do orzamento en vigor, sen que se impidan ou limiten a atención das obrigas deste exercicio con cargo á mesma, non sendo necesaria a tramitación de expediente de modificación de crédito algún.



4º.- Autorizar e dispoñer a obriga ás/ós solicitantes que se relacionan no apartado 2º e polos importes que para cada ún se indica.

5.- Dada a información que obra no expediente, non foi ditada resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, nin foi acordada polo órgano concedente da mesma, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar aos beneficiarios, referidos á mesma subvención.

6.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo.”

Logo de ver o dito informe e visto o ditame favorable por maioría (votos a favor de TEGA -4-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1- e 3 abstencións do PP) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas 21 de abril de 2022, o seu presidente propón ao Pleno:

1º Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

## INTERVENCIÓN

-Sr.Romero Franco: neste caso é un caso moi similar ao anterior. Neste caso, son as axudas de bonobus e son tamén estas 4 axudas destes 4 veciños de aquí de Narón. Nada máis.

Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **4 º.- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2022..**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a documentación incorporada ao expediente PRE/15/2022, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2022.

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Visto o informe proposta do Técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 06/04/2022 (PRE16I03O).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral o 06/04/2022 (PRE16I03P), no que se fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das facturas polos motivos que se especifican no dito informe.

Considerando que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que as facturas están debidamente conformadas, non pode obviar o pagamento das prestacións recibidas.

Visto o ditame favorable por maioría (cos 4 votos a favor de TEGA e os 2 do PSdG-PSOE; e as 3 abstencións do PP e a do representante do BNG) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 21 de abril de 2022, o seu presidente propón ao pleno do concello:

**PRIMEIRO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial da relación de facturas relativos a gastos realizados nos exercicios 2020 e 2021 e non aplicados ao orzamento, que ascende á cantidade total de 56.837,65 euros, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias segundo o seguinte detalle:

Nº DOCUMENTO	DATA	TERCEIRO NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA RC/AD	Nº ENTRADA
--------------	------	---------------	-------------------	---------------	-------------------------------	------------

Nº DOCUMENTO	DATA	TERCEIRO NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA RC/AD	Nº ENTRADA
FE2132135785 9829	26/05/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR 18/03/2021 -22/04/2021 1 UN x 5,74 EUR ( CUPS ES0224050033830487PL Direccion PS MERCEDES FREIRE LA	122,90 €	3370/22102 220220002977	F/2021/2836
FE2013702024 3176	02/08/2020	A65067332 COMERCIALIZAD ORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL, SUR. SDG, S.A.)	Consumo gas 26/05/2020 - 30/06/2020 / Consumo gas 01/07/2020 - 27/07/2020 / Impuesto Especial sobre hidrocarburos 26/05/	140,94 €	3370/22102 220220002977	F/2021/4185
FE2132136278 7096	03/08/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	TERMINO FIJO 27/05/2021 - 23/07/2021 58,00 DÍAS x 0,26362 EUR/DÍAS ( CUPS ES0224050034758737WN Direccion PS SAN XOSE OBR	109,59 €	3370/22102 220220002977	F/2021/4348
FE2132136296 5527	04/08/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR 01/06/2021 - 29/07/2021 1 UN x 1,18 EUR ( CUPS ES0224050034695304GJ Direccion PS RAFAEL BAREZ, S/N	125,43 €	3370/22102 220220002977	F/2021/4358
FE2132136817 9662	18/10/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR ( CUPS ES022405000206464CH Direccion PS PAVILLON, SN 15570 NARON ) / ALQUILER DE CONTADOR ( CUPS	3.109,23 €	3420/22102 220220002977	F/2021/5381
FE2132136683 5779	28/09/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	TERMINO FIJO 22/07/2021 - 22/09/2021 63,00 DÍAS x 0,14 EUR/DÍAS ( CUPS ES0224050036056336TC Direccion PS SAN AVELINO,001	12,12 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5658
FE2132136683 5778	28/09/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	CONSUMO GAS 17/07/2021 - 17/09/2021 366,00 KWH x 0,04235 EUR/KWH ( CUPS ES0224050035844470NF Direccion PS ESTRADA DE CAS	41,35 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5681
FE2132136652 7849	23/09/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	TERMINO FIJO 16/07/2021 - 16/09/2021 63,00 DÍAS x 2,66206 EUR/DÍAS ( CUPS ES0224050033830487PL Direccion PS MERCEDES FRE	215,09 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5682
FE2132136560 3609	09/09/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	CONSUMO GAS 06/08/2021 - 03/09/2021 17.874,00 KWH x 0,04284 EUR/KWH ( CUPS ES022405000206464CH Direccion PS PAVILLON,	1.081,36 €	3420/22102 220220002977	F/2021/5693
FE2132137208 9769	26/11/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR ( CUPS ES0224050036056336TC Direccion PS SAN AVELINO,0015 017 15572 NARON ) / ALQUILER DE CONTADOR	14,23 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5859
FE2132137185 9167	24/11/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	GESTIÓN INSPECCIÓN PERIÓDICA IRI. ( CUPS ES0224050035844470NF Direccion PS ESTRADA DE CASTELA,554 15572 NARON ) / GASTOS	97,37 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5949
FE2132137151 6267	22/11/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR ( CUPS ES0224050033830487PL Direccion PS MERCEDES FREIRE LAGO, S-N 15570 NARON ) / ALQUILER DE CONT	419,72 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5952

Nº DOCUMENTO	DATA	TERCEIRO NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA RC/AD	Nº ENTRADA
FE21321371516273	22/11/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	ALQUILER DE CONTADOR ( CUPS ES0224050000259774SZ Direccion PS ILLAS CIES, S/N 15570 NARON ) / ALQUILER DE CONTADOR ( CUP	123,90 €	3370/22102 220220002977	F/2021/5953
08 32	30/12/2021	*****GONZALEZ SOMOZA, VALERIO	REDACCION PROXECTO OBRA CONEXION PEONIL RIO INXERTO E AVENIDA SANTA ICIA. EXP: CON/38/2021	12.834,41 €	1510/22706 220210006855	F/2021/7068
55/B	30/12/2021	***** TEODORO FERRANDIZ SANCHEZ	SUMINIST REVISTAS BIBLIOTECA.DECEMB/2021. MOTOR16/COMPUTER HOY/PACK SABER VIVIR/MUY INTERESANTE/	70,97 €	3321/22001 220220002977	F/2021/7072
22 007	20/01/2022	B15388739 TALLERES METALICOS MACEIRA, SL	ELABORAC SUMINISTRO MONTAXE CANALÓN EDIFICIO ESTADIO RÍO SECO POR DETERIORO. FINALIZ: 30/12/2021	2.318,66 €	3420/21200 220220002977	F/2022/318
20220165	31/01/2022	B15971724 FRAGA Y LOPEZ SLU	SUMINIST MATERIAIS MANTEMENTO SPEIS.27/12/2021.QUILOSA PROF/LANZAS CONEX/ABRAZADERA/ENCHUF /CONECT	23,70 €	1360/22199 220220002977	F/2022/473
FV-CR-80-2021-181217	30/09/2021	B27855980 FERVIGO S.L	SUBSTITUC 2 NEUMATICOS VEHIC POLICIA 6893GZW. 17/09/2021. CUBERTAS 215/65R1698V/MONTAXE/EQUILI B/ V	225,88 €	1320/21400 220220002977	F/2022/487
A 3009	31/12/2021	B70226550 AREA DE SERVICIO NARON SL	SUMINIST COMBUSTIBLE GASOLINA VEHICULO POLICIA LOCAL. 02/12/2021. MATRIC: 7220KRB. S/P 95 7220KRB	67,84 €	1320/22103 220220002977	F/2022/510
A 2973	31/12/2021	B70226550 AREA DE SERVICIO NARON SL	SUMINIST COMBUSTIB GASOLEO/A VEHIC/MAQUIN SPEIS.DECEMBR/2021.5186FDJ/ 2534DTX/9322BSM/4083KNS/ 7407GZX	1.172,12 €	1360/22103 220220002977	F/2022/511
A 2900	31/12/2021	B70226550 AREA DE SERVICIO NARON SL	SUMINISTRO COMBUSTIBLE GASOLEO/A VEHICULOS/MAQUINARIA SPEIS.DECEMBRO/2021. 3401LKV/MAQUIN P.C.	136,19 €	1360/22103 220220002977	F/2022/512
21FIN0000748	31/10/2021	A36780245 GERIATROS, SAU	XESTION-ORGANIZAC- PRESTAC SERVICIOS PROGR ATENCION MAIORES.ENVELLECEM ACTIVO.OUTUBR/2021. CENT COM	10.450,67 €	3342/22799 220220002977	F/2022/611
21FIN0000750	31/12/2021	A36780245 GERIATROS, SAU	XESTION-ORGANIZAC- PRESTAC SERVICIOS PROGR ATENCION MAIORES.ENVELLECEM ACTIVO.DECEMB/2021. CENT COM	10.450,67 €	3342/22799 220220002977	F/2022/612
21FIN0000749	30/11/2021	A36780245 GERIATROS, SAU	XESTION-ORGANIZAC- PRESTAC SERVICIOS PROGR ATENCION MAIORES.ENVELLECEM ACTIVO.NOVEMB/2021. CENT COM	10.450,67 €	3342/22799 220220002977	F/2022/613
A 2345	30/09/2021	B15595960 LIMANFER, SL	SERVIZO MANTEMENTO BASICO LIMPEZA APERTURA-PECHE PAVILLON CAMPO DA SERRA. SETEMBRO/2021. 168,50 H S	2.844,20 €	3420/22700 220220002977	F/2022/1092
8830170822	31/12/2021	A28559573 GALP ENERGIA ESPAÑA S.A.U.	COMBUSTIBLE VEHICULOS POLICIA DECEMBRO/2021. 5332GSP. HI ENERGY 95 ( EUR / )	55,44 €	1320/22103 220220002977	F/2022/1156
372346	01/12/2021	H15868771 COMUNIDAD PROPIETARIOS ESTRADA DE CASTELA ESQUINA RUA PONTE DE XUBIA	COTA ORDINARIA DECEMB/2021.LOCAIS: Nº 6-16,00 EU/Nº 7-25,00 EU. COMUN PROPIET ESTD CASTELA ESQ PONTE X	41,00 €	9330/21200 220220002977	F/2022/1201

Nº DOCUMENTO	DATA	TERCEIRO NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA RC/AD	Nº ENTRADA
365944	01/10/2021	H15868771 COMUNIDAD PROPIETARIOS ESTRADA DE CASTELA ESQUINA RUA PONTE DE XUBIA	COTA ORDINARIA OUTUB/2021. LOCAIS: Nº 6-16,00 EU/Nº 7-25,00 EU COMUN PROPIET ESTD CASTELA-ESQ PONTE X	41,00 €	9330/21200 220220002977	F/2022/1202
369275	01/11/2021	H15868771 COMUNIDAD PROPIETARIOS ESTRADA DE CASTELA ESQUINA RUA PONTE DE XUBIA	COTA ORDINARIA NOVEMB/2021.LOCAIS: Nº 6-16 EU/Nº 7-25 E. COMUN PROPIET ESTRADA CASTELA-ESQ PONTE XUV	41,00 €	9330/21200 220220002977	F/2022/1223

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

**5.º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA CONTÍA GLOBAL DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS 2022..** -Lida polo secretario xeral a proposta que di

así: Con data 12/04/2022 e código de documento PER16I15F a xefa de Organización e RRHH ditou informe proposta que literalmente transcrito di:

“

**INFORME DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E RR.HH.**

*Asunto.- modificación da contía global das gratificacións extraordinarias para 2022*

**ANTECEDENTES**

1. O orzamento municipal do Concello de Narón para 2022, aprobado definitivamente polo Concello Pleno con data do 07/02/2022 (BOP Nº 28 do 10/02/2022), recolle unha cantidade global de 118.500,00€ con destino a gratificacións extraordinarias (h.extras).
2. Este límite foi ampliado en 7.320,60€ en virtude dun Convenio interadministrativo entre os concellos de Arteixo e Narón para a utilización mais racional e eficiente dos medios personais.
3. Sen embargo, é necesario incrementar as partidas de horas extras pola extinción dalgunhas relacións laborais no caso do SPEIS, e pola realización de horas imprevistas noutros departamentos municipais para os que non había consignación orzamentaria. Tendo en conta as ditas previsións, o crédito establecido con destino a gratificacións extraordinarias resulta insuficiente para dar cobertura ás estimacións realizadas, polo que cómpre dotar de crédito as partidas 1320-15100 e 1360-15100 en 15.000,00 € cada unha.
4. Segundo os cálculos realizados por este departamento, os límites das gratificacións extraordinarias, unha vez realizados os axustes de créditos, non superarían os máximos establecidos no RD 861/1986.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do 29/12/2021).
- Orzamento, bases de execución e cadro de persoal do Concello de Narón para o ano 2022, aprobados definitivamente polo concello pleno con data do 07/02/2022, publicados no BOP Nº 28 do 10/02/2022.
- RPT do Concello de Narón para o ano 2022, aprobada definitivamente polo concello pleno con data do 24/02/2022, publicada no BOP Nº 42 do 03/03/2022.

**INFORME**

Logo de ver os antecedentes expostos e a normativa citada nos apartados anteriores, a técnico do Servizo de Organización e RRHH que subscribe, INFORMA:

**Primeiro:** a consignación global de gratificacións por servizos extraordinarios (h. extras) establecida inicialmente polo Concello Pleno en 118.500,00€, e ampliada por acordo plenario do 31/03/2022 en

7.320,60€, require novamente ser incrementada para dotar de crédito as partidas con económico 15100 nos programas de Emerxencias e Policía Local.

Establece o artigo 6.1 do citado RD 861/1986 que “1. Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2c), deste Real Decreto”

O incremento previsto (30.000,00 €) elevaría o importe global das gratificacións extraordinarias para 2022 polo tanto a 155.820,60 €.

**Segundo:** o Servizo de Organización e RRHH carece do crédito necesario para o dito incremento, polo que no informe de necesidade PER16I16Q do 11/04/2022 se solicita que o dito gasto se incremente a través dun expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), xa que se trata dun gasto concreto e determinado que non de pode demorar ao exercizo seguinte, co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Partida de destino dos créditos
1320-15100	Policia Local-Gratificacións extraordinarias	15.000,00 €
1360-15100	Emerxencias- Gratificacións extraordinarias	15.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>30.000,00 €</b>

**Terceiro:** calculadas as porcentaxes establecidas no artigo 7º do RD 861/1986 do 25 de abril, que establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local en relación á situación orzamentaria dos créditos de persoal á data do presente informe, o resultado aos efectos de produtividade e gratificacións extraordinarias, unha vez aplicadas as variacións que se propoñen sería o seguinte:

ORZ_INICIAL	Masa retributiva sen laborais	Deducións (Básicas+CD+CTrans)	Resto	
Masa retributiva	7.446.770,94 €	4.050.922,88 €	3.395.848,06 €	
Concepto	Importes	%calculados s/art.7 RD 861/1986	Límites máximos	
			%	Importe
C.Específico	2.343.505,00 €	69,01%	75%	2.546.886,05 €
Produtividade	913.674,98 €	26,91%	30%	1.018.754,42 €
Gratific. Extra.	155.820,60 €	4,59%	10%	339.584,81 €

Logo de ver que os novos importes globais se atopan polo tanto dentro das porcentaxes legais establecidas nos artigos 7.2.b) e 7.2.c) do RD 861/1986, a funcionaria que subscribe propón á Alcaldía-Presidencia para a súa elevación ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** modificar a contía global destinada a retribucións por gratificacións extraordinarias para 2022, elevando o importe global a 155.820,60 €.

**SEGUNDO:** dar conta do presente acordo á Mesa de negociación conxunta.

“

Logo de ver que o informe foi intervido favorablemente con data 12/04/2022 e código de documento INT16I0J6, e visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -4-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-; e as abstencións do PP -3-) na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 21 de abril de 2022, o seu presidente propón ao pleno do concello, a aprobación da proposta transcrita, cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** modificar a contía global destinada a retribucións por gratificacións extraordinarias para 2022, elevando o importe global a 155.820,60 €.

**SEGUNDO:** Dar conta do presente acordo á Mesa de negociación conxunta.



## **INTERVENCIÓN**

-Sr.Romero Franco: bueno, neste caso, vai relacionado directamente este punto co punto posterior que é o modificado o expediente de créditos extraordinario e suplemento de crédito, que é porque se aumentan as partidas de horas extras para Policía e Speis. Por eso, se modifica. Nada máis. Grazas .

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

## **6 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 8/2022: SUBEXPEDIENTE Nº 01/2022 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO .**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 08/2022: subexpediente nº 01/2022 de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2021, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias do capítulo 1 (gastos de persoal) para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 294.600,00 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 11/04/2022, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, no caso do crédito extraordinario non existe crédito orzamentario destinado ás finalidades específicas que se detallan memoria do concelleiro delegado de facenda para a execución dos ditos gastos; e, no caso do suplemento de crédito, non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda do 11/04/2022, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Téndose en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 12/04/2022 (PRE16I042).

Visto o ditame favorable por maioría (Votos a favor: TEGA -4-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-; e Abstencións: PP -3-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 21 de abril de 2022, o seu presidente propón ao pleno do concello, a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 08/2022: subexpediente nº 01/2022 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe total de 294.600,00 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

Utilizar la figura del contrato menor únicamente en el caso de responder a actuaciones imprevisibles, puesto que toda necesidad periódica o planificable debe ser objeto del correspondiente procedimiento de licitación. La OIREscon y la IGAE han venido a reafirmar la limitación de la utilización de los contratos menores para necesidades puntuales y no recurrentes, de escasa cuantía y urgente ejecución, que desde hace años vienen recomendando los OCEX.

Cumplimiento estricto de la normativa contractual y de los PCAP en la ejecución de los contratos de obras, servicios y suministros.

Tramitación de las facturas respetando el criterio de antigüedad teniendo en cuenta la fecha de conformidad y, en cuanto a facturas y/o certificaciones, cumplimiento del procedimiento de remisión para su pago a la AEAT conforme al procedimiento aprobado por el Pleno del Ayuntamiento.

En el caso de la prestación conjunta del servicio de préstamo de bicicletas, que se realiza conjuntamente con el Ayuntamiento de Ferrol, en caso de que se siga gestionando por el dicho ayuntamiento, instar a la tramitación del nuevo convenio de colaboración y del correspondiente expediente de contratación.

En cuanto a las liquidaciones derivadas de la compensación de servicios de atención a menores en el Centro de Día de Menores de Ferrol perteneciente a la Diputación Provincial de A Coruña, instar a la tramitación de un nuevo convenio de colaboración entre la Diputación Provincial de A Coruña y el Concello de Narón para regular la utilización de plazas en el Hogar de Día del Centro de Menores de Ferrol.

Con respecto a los gastos efectivos del servicio de depuración que se presta por el Ayuntamiento de Ferrol, a través de Emafesa, continuar instando a que se regularice la prestación de dicho servicio.

En cuanto a las ayudas de emergencia social, que tras la modificación del artículo 2.2.a) de la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia ya no tienen la consideración de subvenciones, debe cumplirse lo estipulado en el Reglamento de ayudas financieras para la atención de necesidades sociales básicas.

Actualizar las bases de ejecución de presupuesto.

Aprobar un Plan Anual de Control financiero.

## V. VALORACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN DEL EJERCICIO ANTERIOR

Teniendo en cuenta las razones expuestas en este informe, tal Plan no existe, por lo que no se puede llevar a cabo su valoración. Se tratará de que en próximos ejercicios, y a partir de las deficiencias detectadas y recomendaciones realizadas hasta la fecha (u otras que puedan ir surgiendo a posteriori), y teniendo en cuenta que no se dispone de personal cualificado para poder realizar todas las funciones derivadas de la obligatoriedad del control financiero de la actividad económico-financiera mediante el ejercicio del control permanente y de la auditoría pública que se regula en el Real Decreto 424/2017, se pueda ya incorporar en cada ejercicio un Plan de Acción que se lleve a cabo, por lo que será en ese momento cuando podrá procederse a su valoración.

Dar traslado del presente informe a la Alcaldía para su remisión al Pleno de la Entidad Local y a la Intervención General de la Administración del Estado en el curso del primer cuatrimestre del año, con ocasión de la aprobación de la Cuenta General, en cumplimiento de lo que se establece en el artículo 37 del Real Decreto 424/2017.

Siendo el resultado del control permanente: Con efectos informativos.

Asinado dixitalmente por:

A Interventora Xeral

Mªdel Pilar Canzobre Méndez

22/04/2022

O Concello Pleno, deuse por enterado.

## **11 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A MELLORA DO FERROCARRIL FERROL-CORUÑA.**

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z**, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

### **SOBRE A MELLORA DO FERROCARRIL FERROL-CORUÑA**

O pasado 21 de decembro Galicia celebrou como o gran acontecemento a chegada do AVE á cidade de Ourense, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicación política e social desta infraestrutura.

Sen deixar de celebrar esta gran nova, os veciños das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos non podemos evitar chamar a atención sobre o contraste entre esa modernización do ferrocarril da meseta e o estado de abandono da liña de tren que presta ao noso territorio un servizo máis propio do século XIX que da actualidade.

Mentres o tempo de viaxe para percorrer os 500 km entre Ourense e Madrid se reduce a 2 horas e 15 minutos, seguen a ser necesarias 1 hora e 20 minutos para salvar os 60 km que separan Ferrol da Coruña, aproximadamente o dobre do que leva facer ese percorrido en vehículo particular e moito máis que a viaxe en autobús, tres veces mais de tempo que desprazarse entre Coruña e Santiago.

Desde hai moitos anos, tanto o tecido social como o empresarial, vén reclamando a mellora das comunicacións ferroviarias das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos, xa que do contrario non completaríamos nin o Eixo Atlántico de Alta Velocidade nin o Corredor Atlántico de Mercadorías.

A pesar de ser o ferrocarril unha competencia da Administración Xeral do Estado, a Xunta elaborou en 2018 un estudo sobre as necesidades de actuación para a modernización e mellora da liña entre Ferrol e A Coruña. Plantexaba o Goberno do Estado un investimento inicial de 150 millóns de euros co obxectivo de reducir o tempo de desprazamento a 50 minutos. O daquela Senador Ángel Mato preguntaba oficialmente ao Goberno do Estado o informe, tempos, prazos e orzamentos, se ben retiraba a pregunta co cambio de goberno en Madrid en xuño de 2018.

Igual que sucedeu coa autoestrada, que chegou con 20 anos de retraso, a conexión ferroviaria supón un lastre para o noso desenvolvemento económico, de emprego e social, nun momento no que temos a taxa de paro e pobreza mais altas de Galicia.

Nos últimos 3 anos o Goberno central non realizou ningunha inversión encamiñada a modernizar a conexión ferroviaria entre Ferrol e A Coruña. De feito, nos Orzamentos Xerais do Estado para este ano 2022 unicamente contempla 17.000 euros para avanzar no estudo do baipás de Betanzos-Infesta, a todas luces insuficiente para lograr mellora algunha.

A lamentable situación da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol e A Coruña viuse agravada co deterioro continuo da oferta de servizos por parte de Renfe, amparada pola pandemia, sen que se recuperasen aínda a día de hoxe os servizos suspendidos.

As manifestacións do secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, tamén presidente da Deputación provincial da Coruña e alcalde das Pontes, apostando por “concienciar” ao Estado sobre a necesidade de mellorar o tren Ferrol-A Coruña, en lugar de esixir unha planificación concreta de obras, son unha mostra da escasa importancia que o partido socialista concede a esta necesidade.



Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguintes:

## ACORDOS

1. Demandar ao Goberno do Estado unha xuntanza antes do 30 de xuño de este ano para a presentación dunha planificación concreta e completa a curto e a longo prazo para a modernización da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña para ofrecer un tempo de viaxe competitivo que complete o Eixo Atlántico de Alta Velocidade e o Corredor de Mercadorías.
2. Demandar ao Goberno de España a incorporación aos orzamentos do 2023 do proxecto de modernización do ferrocarril Ferrol-Coruña e do importe necesario para a licitación das obras do baipás Betanzos-Infesta como primeira actuación para a mellora das comunicacións ferroviarias nestas comarcas.
3. Instar ao alcalde de Ferrol e á Presidenta de ADIF á sinatura coa Xunta de Galicia do convenio para a construción da estación intermodal de Ferrol, a única non iniciada das 7 cidades de Galicia pese ao anteproxecto e a reserva orzamentaria da Xunta de Galicia, que permita tamén contar coa praia de vías necesaria para o Corredor de Mercadorías.
4. Demandar a Renfe a restitución completa da oferta de servizos ferroviarios suprimidos por mor da pandemia e completar un conxunto de frecuencias suficiente para atender as necesidades e mobilidade dos veciños destas comarcas.
5. Demandar a ADIF a construción dun apeadeiro na zona da Gándara para dar servizo de tren a un dos barrios máis grandes do concello de Narón, que nestes momentos carece do devandito servizo.
6. Demandar ao Goberno de España que estude a posibilidade de implantar, coa introducción das melloras nas infraestruturas que resulten necesarias, un tren de proximidade con frecuencias directas en horarios coordinados coas entradas e saídas dos traballadores, tanto na Coruña como en Ferrol. Un servizo con saída de ambas cidades, por exemplo, ás 7 h e ás 15 h, engadindo algunha frecuencia adicional con paradas en todos aqueles apeadoiros que tivesen solicitudes e estean coordinados co tren que vai por Narón a Ferrol e que actúe, este último, coma un tren de cercanías.

Narón, 8 de abril de 2022

E visto o ditame favorable, por maioría con 2 votos a favor do PP e 8 abstencións (5 TEGA, 2 PSdeG-PSOE, 1 BNG), da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 18-04-2022, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

## **EMENDA PRESENTADA POLO BNG**

Dende o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda á moción que leva a pleno o Grupo Municipal do PP, moción **sobre a mellora do ferrocarril Ferrol-Coruña**.

**A nosa emenda pasaría por engadir o seguinte punto:**



- 1- Demandar ao Goberno de España que estude a posibilidade de implantar, coa introducción das melloras nas infraestruturas que resulten necesarias, un tren de proximidade con frecuencias directas en horarios coordinados coas entradas e saídas dos traballadores, tanto na Coruña como en Ferrol. Un servizo con saída de ambas cidades, por exemplo, ás 7 h e ás 15 h, engadindo algunha frecuencia adicional con paradas en todos aqueles apeadoiros que tivesen solicitudes e estean coordinados co tren que vai por Narón a Ferrol e que actúe, este último, coma un tren de cercanías.

**Asdo: Olaida Ledo López.**

Portavoz Municipal do BNG de Narón.

### **EMENDA PRESENTADA POR TEGA E PSdeG-PSOE**

Os Grupos Municipais de Terra Galega e PSdeG-PSOE no Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte emenda á Moción do Partido Popular sobre a mellora do ferrocarril Ferrol-Coruña:

- 1- Modificar o punto 3 da moción deixándoo coa seguinte redacción: “Instar á Presidencia de ADIF á sinatura coa Xunta de Galicia do convenio para a construción da estación intermodal de Ferrol, a única aínda non iniciada, pese ao anteproxecto e a reserva orzamentaria da Xunta de Galicia, buscando a mellor ubicación con criterios técnicos que permitan dar o mellor servizo aos concellos de Ferrol e Narón. Contando coa praia de vías necesaria para o corredor de mercadorías”.
- 2- Incluir os seguintes puntos:
  - a. Instar a ADIF a incluír no proxecto Estación intermodal a conexión para mercadorías co Polígono Río do Pozo.
  - b. Instar á conversión do ferrocarril de ancho métrico no traxecto entre Ferrol e Xuvia nun metro lixeiro facendo as melloras que sexan necesarias tanto nos horarios e servizos como nas estacións e apeadoiros do mesmo.

Narón, 25 de abril de 2022.

Román Romero Franco  
Voceiro de TEGA

José David Pita Breijo  
Voceiro PSdeG- PSOE

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: a emenda que meteu o Bloque Nacionalista Galego si a aceptamos, tal e como está presentada.

E a que presenta o grupo de goberno, TEGA e o Grupo Socialista, lles aceptamos o punto 2 , os dous apartados incluíndo o a. e o b. e o punto 1 non o podemos aceptar; onde modifica o punto 3 porque entendemos que o alcalde de Ferrol, ten que estar nesa firma dese convenio e a estación intermodal, se vai a facer en Ferrol, polo tanto, non podemos aceptar ese punto, que consideramos que a redacción do noso punto está ben, e ademais fan un comentario, “*buscando a mellor ubicación con criterios técnicos que permita dar o mellor servizo aos concellos de Ferrol e Narón*”. Con todos os repetos os concellos de Narón e Ferrol, temos que basarnos en Ferrolterra, Creo que temos que basarnos en Ferrolterra, non exclusivamente en Ferrol e Narón. Ferrol e Narón serán os máis beneficiados porque teñen máis poboación e teñen máis polígonos industriais e teñen Navantia en Ferrol, pero se falamos de Fene tamén ten o antigo Astano, parte de Navantia, e non falemos de Puente deume... non falemos doutros concellos que están na comarca.

Entonces nós aceptámola condicionando a eso.

-Sra.alcaldesa: en resumen, acepta a emenda presentada polo BNG e a segunda emenda presentada por TEGA e polo PSOE acepta o punto número 2 e o punto número 1 no.

-Sr.Castrillón Permuy: o punto número 2 si cos dous apartados e o punto número 1 no. Máis a emenda que presentou o BNG xa se aprobou aquí nunha moción que no seu día presentáramos nós unha emenda a unha moción que presentara o BNG e da moción dos puntos que presentades vos tamén o punto b. tamén se aprobou aquí nunha moción cando foi a senda verde, que vostedes se abstiveran e votáramos a favor o resto dos grupos menos o partido socialista que había votado en contra.

*Por min se di, por aclarar, que quedaría a moción do Partido Popular incorporando o novo punto que sería :*





*“Demandar ao Goberno de España que estude a posibilidade de implantar, coa introducción das melloras nas infraestruturas que resulten necesarias, un tren de proximidade con frecuencias directas en horarios coordinados coas entradas e saídas dos traballadores, tanto na Coruña como en Ferrol. Un servizo con saída de ambas cidades, por exemplo, ás 7 h e ás 15 h, engadindo algunha frecuencia adicional con paradas en todos aqueles apeadoiros que tivesen solicitudes e estean coordinados co tren que vai por Narón a Ferrol e que actúe, este último, coma un tren de cercanías.*”

E o último punto sería:

“Incluír os seguintes puntos:

- a. Instar a ADIF a incluír no proxecto Estación intermodal a conexión para mercadorías co Polígono Río do Pozo.
- b. Instar á conversión do ferrocarril de ancho métrico no traxecto entre Ferrol e Xuvia nun metro lixeiro facendo as melloras que sexan necesarias tanto nos horarios e servizos como nas estacións e apeadoiros do mesmo.”

-Sr.Sánchez Fojo: boas tardes . Unha cuestión de orde. Nós se non se acepta o punto que dixo o PP que non aceptaba retiramos a emenda e votaremos que non á moción.

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, pois nada. Pasamos á exposición de motivos, no.

O 5 de maio de 1913, procedíase á inauguración da ansiada liña ferroviaria que enlazaba as cidades de Betanzos e Ferrol, e que percorría polas rías do Golfo Ártabro.

A liña Betanzos-Ferrol, ten un trazado de 42 quilómetros que foi a primeira liña ferroviaria construída directamente polo Estado, co obxectivo de fortalecer o Arsenal ferrolán, unha das principais factorías navais do país. Unha vez se puxo en funcionamento, as cifras do tráfico de viaxeiros na liña pronto demostraron a importancia do transporte ferroviario para satisfacer a mobilidade da zona por onde trascorre a dita vía.

109 anos despois atopámonos que esta infraestrutura, que non recibiu os investimentos necesarios por parte do goberno do estado para actualizarse e seguir sendo, como ocorreu no seu día, unha das principais vías de comunicación tanto de pasaxeiros como de mercadorías.

Os veciños das comarcas de Ferrolterra, Eume e Betanzos non podemos evitar chamar a atención sobre o contraste entre esa modernización do ferrocarril da meseta e o estado de abandono da liña de tren que presta ao noso territorio un servizo máis propio do século XIX que da actualidade.

Desde hai moitos anos, tanto o tecido social como o empresarial, vén reclamando a mellora das comunicacións ferroviarias das comarcas de Ferrolterra, Eume e Betanzos, xa que do contrario non completaríamos nin o Eixo Atlántico de Alta Velocidade nin o Corredor Atlántico de Mercadorías.

Igual que sucedeu coa autoestrada, que chegou con 20 anos de retraso, a conexión ferroviaria supón un lastre para o noso desenvolvemento económico, de emprego e social, nun momento no que temos a taxa de paro e pobreza máis altas de Galicia.

A lamentable situación da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol e A Coruña viuse agravada co deterioro continuo da oferta de servizos por parte de Renfe, amparada pola pandemia, sen que se recuperasen aínda a día de hoxe os servizos suspendidos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte os acordos aos que deu lectura o Sr. Secretario máis as emendas que aceptamos do grupo BNG e da parte da emenda que presenta o partido socialista obrero español e Terra Galega. Bueno, nada máis. Grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. A moción é o seu texto máis o que inclúe o BNG. É dicir, a outra parte queda eliminada, eh, porque acaba de nomealo agora na súa exposición e que quede claro. É dicir, a moción queda co texto que vostedes presentan máis a emenda que fixo o Bloque Nacionalista Galego. O outro se retira.

-Sr.Castrillón Permuy: .... Nos lles advertimos, para que vexa que nós cremos na comarca, cremos no territorio e queremos que se mellore. Nós lle admitimos o punto 2 que non tiña moito que ver con esta moción pero por coherencia lles admitimos eses puntos, pero bueno, se vostedes queren retiralos, .....

-Sra.alcaldesa: era por clarificar porque agora na súa intervención acaban de engadir as dúas e porque teñamos todas e todos claro o que imos a votar, é dicir, o seu texto máis a emenda que fai o Bloque Nacionalista Galego.

-Sra.Ledo Díaz: si, boas tardes a todas e a todos.

A situación que vive o tren en Galicia é motivo de desleixo e ten os culpables claros, o goberno do estado, tanto os gobernos do Partido Popular como os do Partido Socialista, que agora mesmo están gobernando. É verdade que nós presentamos unha moción hai 2 anos e que se aprobou e hai algún punto que colle a moción do Partido Popular agora que nos valía, nos valía aínda incluso como a tiñan presentada. Quixemos engadir algo máis porque nos parecía necesario dentro da exposición de motivos da súa moción, e é verdade que dende o Bloque Nacionalista Galego estamos facendo unha campaña do tren comarcal que se chama “queremos tren” e por unha rede ferroviaria de calidade, igual que fixemos emendas nos orzamentos do estado e pedimos cousas moi claras. De feito estamos recollendo sinaturas, animamosvos a facelo e entroutras cousas, eso non o puxemos como emenda porque bueno... é unha demanda nosa e que a Xunta de Galicia suma todas as competencias en materia de ferrocarril interior como se fai noutras comunidades autónomas con moito éxito porque é verdade que aquí no que nos basamos foi en financiar todas as conexións e trazar unha conexión a Madrid, a importancia en Madrid e se descuidou todo.

E se falamos da comarca en Ferrol, Eume e Ortegal é sangrante, no, toda a situación que estamos a pasar e máis nun concello como o de Narón, porque ademais temos unha liña que nos rompe o noso concello en 2 y en vez de cuestionar e ser un verdadeiro tren de cercanías e do que se leva debatindo décadas, o que se fai cada vez é de dotar de menos servizos, quitar apiadeiras e dismantelar. Eso leva pasando décadas. E é necesario investir e por eso, estamos de acordo con esta moción e que ogallá fóra aprobada para que valera para poñer unha areniña máis presente quen a presente. Supoño que depende tamén de en que período estamos e cerca dunhas eleccións, máis basicamente nós estamos de acordo con que se ten que solucionar, temos outras propostas, creo que máis ambiciosas, pero vaia, eso.

-Sr.Pita Breijo: boa tarde a todos e a todas. Bueno, cos gobernos do PP en Madrid, non só se paralizou o Ave a Galicia senón que se paralizou calquera proxecto de mellora ferroviaria no conxunto da Comunidade Autónoma.

A máis destacada sen ningunha dúbida foi a liña Coruña-Ferrol.

Durante os gobernos do Sr.Rajoy non se moveu ningún papel a nivel de infraestructuras, que incluso prometía en vir en Ave a Galicia, en 2008. Bueno, xa sabemos que é unha locura. Todo o que dixo de facer el cos seus ministros e as súas ministras pidénolo agora o Sr.Castrillón.

O PSOE é eficaz, pero as cousas van paso a paso e trámites que hai que ir facendo e leva tempo. O tren ao porto exterior está rematándose nunha inversión na que o goberno do Estado está a investir moitos cartos e que estase traballando para depois continuar coa conexión coa Coruña e coa meseta. Sabemos que se está a facer a reo, e repito que o traballo de mellora ferroviaria deixouse de facer durante os anos do goberno da dereita.



Cremos necesario as propostas que se plasman na emenda que acaba de rexeitar o voceiro do PP pero bueno, para poder establecer unha mellora ferroviaria e funcional para os nosos veciños era necesaria.

Tiñamos proposto a conexión co polígono, que é fundamental e viable e como xa falamos noutros plenos necesitamos fortalezas, oportunidades, para o noso tecido productivo, para seguir avanzando en competitividade, e unión cos principais mercados munduais.

Esta conexión é viable, económica, e sabemos que é de vital importancia. Sobre o tren de Feve, o dito, no. Para tratar como un metro lixeiro, cremos que é viable e é un obxectivo a conseguir, que incluso, creo que o levaba no seu programa.

O goberno do estado está a investir no das vías, e sabémolo. Estamos con máis de 15 millóns de euros de inversión na liña do Feve, e na adaptación do control de seguridade, nos bloqueos telefónicos, ten unha gran cantidade de inversión e o dito no, cremos que a aposta do estado está demostrada, pero bueno, sabemos que este medio de transporte foi abandonado pola dereita e a situación actual require volver a poñer en funcionamento todo o servizo da empresa e Renfe que foi desmantelada por todos os gobernos do Sr.Rajoy. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, Sr.David, creo que o debate non vai entre os nosos dous grupos. Creo que a proposta que a vostede tanto lle preocupa lla admitimos e se vota en contra é problema seu pero a moción o Bloque Nacionalista Galego acaba de decir que vota a favor, nosoutros votamos a favor, se vós votades a favor sae adiante, entonces esa proposta que vostede pide do polígono se aprobaría. Outra cousa moi distinta é que teñan que claudicar co seu grupo maioritario do goberno. Esa é outra cousa moi distinta e que por caprichos e porque creo que ven escrito no papel do PP, voten en contra, cando estamos pedindo melloras exclusivamente para Narón, como é o apiadeiro de ADIF na Gándara. Faigan un estudio. Como é a dobre vía que pedimos no seu día que vostedes se abstiveron. Entonces o Sr.David pide o do polígono, o vexo correcto, e o aceptamos, e vostedes por unha frase, a sensación é que non queren que apareza o alcalde de Ferrol .... O alcalde de Ferrol ten que aparecer porque se fai no seu territorio. Ten que dar licencia, ten moitos servizos que son competencia propios do concello. Non é entendible. Isto é o que vostedes queren no progreso para Narón. Votar en contra dunha mellora dun ferrocarril, dun transporte tanto de paxaseiros, como de mercadorías.

Algún día me explicará cal é a razón. Porque non a temos clara, e creo que en política a prudencia é unha boa compañía. E os caprichos é unha moi mala compañía. E é como están actuando vostedes hoxe neste Pleno. Como soen actuar a maioría das veces. E despois lles molesta cando lles decimos cousas que son moi razoables porque como lles digo moitas veces teñen que traballar e preocuparse de que melloren as cousas.

E Narón non é un círculo exclusivo. Temos que aliarnos con moitos do noso arredor. Oie, se vostedes teñen espazo para unha intermodal, home, ao mellor podénlla facer a Narón. Ogallá puidera ser. Ogallá puidera ser.

Pero creo que non é o caso, creo que non é o caso. Por culpa das comunicacións que poida haber co porto exterior e polas comunicacións que poida haber con outras zonas, importantes da contorna que estamos a eso. Entonces eu non vou a entrar en discusións de quen investiu máis. Sei que en 3 anos o voso presidente non fixo inversións ningunhas nin ten pretensións de facelas. Polo tanto, cremos que é necesario aprobar esta moción, cremos que teñen unha oportunidade de apoiala e de conseguir o que vostede quere e necesita, que ademais loxicamente vostede ten a delegación dos polígonos pois que mellor que mellor, no.

Bueno, e creo que temos que avanzar, temos que modernizar as infraestructuras e neste caso é unha das infraestructuras que necesita modernización. E inversión pública.

Pola nosa parte nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: bueno, agora hai moitas noticias, porque esto é unha teima do BNG, no. O do tren, incluso eu estando en Galiza nova me acordo de campañas arredor disto pero Néstor Rego aquí, do 24 de abril, hai xa un ano na que pedíamos orzamentos, investimentos do goberno do Estado, para o tren e que nos parecía unha burla e o que se indicaba despois de ternolo prometido que decían que o ían a poñer na axenda. Ben, un ano despois supoño que estará na axenda do ano pasado, porque nada sabemos deses investimentos. É moi fácil, porque unha, hai que explicalo, no. Non existe Feve, non hai Feve David, a día de hoxe, ou sexa, eso desapareceu. Podes falar do antigo Feve, pero xa non, todo pertence a Renfe e unha das cousas que hai que facer é a electrificación desa vía, non, outra sería duplicala. É unha vergoña que dúas cidades como Ferrol e A Coruña, para nós, máis se queremos ir por exemplo, en tren de Xuvia a Ferrol para logo ir a Coruña a estudar ou a facer o que queiramos, que nos leve 53 kilómetros 1 hora, 20 minutos, cando ten que ser un medio como é sostible e necesario e que vertebre a un país. Aí ven a parte tamén responsable da Xunta de Galicia.

Hai comunidades autónomas como Andalucía, como Euskadi, como Cataluña, que teñen competencia ferroviaria, que a Xunta de Galicia non está facendo ese traballo nun país que ten tanta necesidade de estar comunicado internamente pola súa propia orografía e poño un exemplo, do desleixo que está a pasar o día de hoxe práctico, que é unha empresa que se chama “turismo slow” que traballa na Mariña e na zona de Ferrolterra e agás entidades máis grandes como pode ser Ferrol e Narón, que é un turismo de calidade, de casas rurais, eles fixeran unha proposta a Renfe, para usar eses trenes comparados nesos determinados sitios, e dixeron que si. E chegou a haber un cartel anunciando eses hoteis de “turismo slow” o retiraron e o propio Renfe lle comunicou a esa empresa que era porque se ían a desmantelar liñas e que non ía a ser viable esa proposta e non ían anunciar algo que non se ía a poder facer. Esa é a situación do tren, porque en Madrid, que queren gobernar a máis de 600 kms. este país, 250.000 persoas que supoñen a comarca da Mariña e a comarca de Ferrol, Eume e Ortegal, seguramente non lles é nada. Pero aquí para nós é un mundo. E hai unha liña de tren incluso na Mariña, que comunica directamente cun hospital que hoxe é casi un centro de saúde polo desmantelamento da sanidade do Partido Popular.

E repito, si, hai culpables, neste goberno o PSOE e é verdade, que antes o Partido Popular desmantelou, pero sexamos responsables. E falemos das cousas e poñámolo enriba da mesa. Que é importante que a oitava poboación deste país lle demande ao goberno do Estado, eu penso que si, eu creo que sería importante que mañá a prensa coa nota que se faga se diga, se aprobou esta moción. Por desgraza, xa se ve que non. Haberá que ver por qué.

-Sr.Castrillón Permuy: unha cousa rapidiña. Nada, o que pedimos é coherencia e que sexan responsables do que está ocorrendo nesta comarca e o que está ocorrendo con esta comarca. Temos unhas infraestructuras, falando do ferrocarril que, practicamente casi leva o mesmo tempo, dende Coruña a Ferrol que dende Madrid a Ourense. E creo que os que estamos aquí, pois algún teremos que ver con esta infraestructura e algunha vez teremos que viaxar ou enviar mercadorías por esta infraestructura.

Que 60 km. lle leve 1 hora e vinte, pois é 2 minutos cada km. E que agora mesmo o grupo maioritario deste Pleno, diga que vai votar en contra, é moi preocupante, moi preocupante cara o que nos ven e o que nos vai suceder e o que está sucedendo porque non podemos olvidar que a xente ten que chegar a Ferrol, ten que chegar por sitios distintos e a Narón, e polo tanto, se temos un medio que sexa máis rápido pois chegará máis xente a esta comarca. E se queremos que esta comarca siga crescendo pois teremos que facer a forma para que as infraestructuras melloren. Todos os gobernos terán culpa. Non imos a dar nomes nin apoiar nomes, porque creo que non é o momento. O momento é de que traemos unha moción aquí, que é unha moción que é polo interese xeral, por un interese da comarca especialmente e que a todos nos debía de facer pensar cando levantamos a má, en que sentido a imos levantar. Eso é o que nos debía de facer pensar. E non polos caprichos personalistas ou de siglas, porque xa non de ideoloxía, máis que nada de siglas,



faigamos algo que vaia en contra do que realmente necesita e necesitamos nesta comarca. Pola miña parte nada máis. Solamente pido conciencia á hora de votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

## **12 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA UNHA ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN TODO O CONCELLO.**

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento interno municipal, presente a seguinte moción para o seu debate en pleno:

### **PARA UNHA ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN TODO O CONCELLO**

#### **Exposición de motivos:**

*A participación social en igualdade de condicións pasa por garantir entornos accesíbeis e comprensibles eliminando aquelas barreiras que o impidan, evitando así situacións de discriminación. A sociedade que queremos para todas e todos é unha sociedade inclusiva, o que require que todas as instalacións dos concellos estén habilitadas para o uso de todas as persoas. Os equipamentos teñen que ser accesíbeis, a oferta adaptada e os recursos complementarios necesarios para conseguilo teñen que estar perfectamente implementados.*

*A accesibilidade universal é “a condición que deben cumprir os entornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posíbel”, tal e como se recolle no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba a o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.*

*Dentro desta accesibilidade universal está a **cognitiva**, que é un dereito recollido na Convención Internacional de los Derechos de las Personas con Discapacidad, aprobado pola ONU en 2006 e ratificado por España en 2018. É unha propiedade que deben ter os entornos para que as persoas con diferentes necesidades de comprensión poidan utilizar e disfrutar dos mesmos, favorecendo así a súa capacidade de tomar decisións, a súa autonomía persoal, a participación na sociedade, a inclusión e as mesmas oportunidades que toda a sociedade. Un dos exemplos máis significativos son as persoas con **trastornos do espectro autista** (TEA).*

*En Narón carecemos de sinalización nos edificios públicos que axude as persoas con **TEA** a poder orientarse e moverse con facilidade dentro dos mesmos, a saber que facer e como, ao igual que deberían estar adaptados en canto a niveis de ruído, olores e luces.*

*Ao mesmo tempo deberíamos ter en conta a sinalización das rúas para que a xente con diferentes necesidades de comprensión puidese saber en todo momento en que lugar se atopa e que facer no mesmo, así como dirixirse a distintas áreas e zonas do concello.*

*Un bo sistema para a axuda desta **accesibilidade cognitiva** é o uso dos **pictogramas**, que son debuxos que nos facilitan a comprensión, sendo o máis xeneralizado e levado á práctica por ser o máis efectivo ata o de agora.*

*Por todo isto o Grupo Municipal do BNG solicita a seguinte información:*

**1.- Colocación de sinalética do espectro autista en todos os edificios públicos.**

**2.- Favorecer as condicións de *acesibilidade cognitiva*, ao igual que de *acesibilidade universal*, en todo o concello.**

*Narón, 11 de abril de 2022*

### **OLAIA LEDO DÍAZ**

*Voceira do BNG de Narón*

E visto o ditame favorable, por maioría con 1 voto a favor do BNG e 9 abstencións (5 TEGA, 3 PP, 1 PSdeG-PSOE), da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 19-04-2022, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

### **DEBATE**

-Sr. Ledo Díaz: esta moción fixémola, igual que participamos non, cando se deu a oportunidade para o plan de mobilidade, e a través de participación cidadá é unha proposta que traíamos xunto a outras no, falabamos da acesibilidade cognitiva e nós consideramos que tanto é para braille, para acesibilidade sonora e traemos hoxe unha proposta concreta que cremos que é sinxela pero moi importante para as persoas que a precisan de cara a súa autonomía. E se queremos un concello, no, para todos e todas temos que facilitar e facer ferramentas que neste caso despois de falar con entidades que traballan con persoas de trastorno de aspecto autista e de formarnos no tema dos pictogramas, consideramos que era necesario que nos espazos públicos e nos parques ... na medida que se puidera, que o Concello de Narón fóra accedendo tamén a esto. Cremos que hai que avanzar en todos os sentidos para que a acesibilidade universal sexa tal e a inclusividade, tamén temos que ter en conta a acesibilidade cognitiva. Para unha persoa con espectro autista que precisa dun contacto visual e de certas sinais, moito máis cremos que é importante e por eso a traemos hoxe a debate no pleno esperando que sexa aprobada.

-Sra.García Blanco: si boa tarde. Bueno, pois imos adiantar que lamentablemente non imos a votar a favor. E non a imos a votar favorablemente porque xa estamos facendo este traballo. É máis, este traballo empezouno no 2019, se non lembro mal, a compañeira Teresa Sabio que levaba áreas que levo hoxe en día eu e ela deixou ese traballo iniciado, quedou parado pola pandemia pero está retomado con Aspanaes, que é a entidade que ten convenio con nós e nos está a axudar para poder empezar a desenvolver, diremos paulatinamente pouco a pouco en todos os servizos municipais pero non todos á vez loxicamente. Pero ese traballo está empezado, dende aproximadamente o 2019 pola compañeira Teresa Sabio á que quero lembrar porque foi a que iniciou o traballo. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, bueno, xa lle podes pasar ti tamén as palabras, quero decir que esta moción a fixemos coa compañeira do Bloque Nacionalista Galego, Teresa Sabio, tamén coa súa filla que é nai dunha persoa usuaria de Aspanaes porque ese traballo iniciado, agora non está completado, igual é que o tedes na axenda e aínda non está desenvolto. Por eso, cremos que era importante traer esta moción. Sabíamos que unha das respostas sinxelas sería esa, pero por eso tamén estivemos esta semana falando con distintas entidades e entregando nós mesmas esa silanética. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos.

O noso partido, o Partido Popular, é un partido comprometido coa xente, coa cidadanía e por eso, agradecemos ao Bloque que traía esta moción aquí ao Pleno que é moi similar á unha presentada polo noso grupo municipal anteriormente. Unha moción para mellorar a atención ao cidadán e cidadás do noso concello.



Debémolle de esixir ao grupo de goberno o cumprimento da Lei 51/2003 do 3 de decembro, en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación, e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Por desgraza, o noso concello, segue sen ter un plan de adaptación á Lei 10/2014 do 3 de decembro en materia de accesibilidade. E neste non hai disculpa, non hai disculpa cando Terra Galega leva gobernando tantos anos de xeito continuo. Polo tanto, non hai ningún tipo de excusa. E non se lle pode tampouco botarlle a culpa a outros gobernos anteriores, pola falta deste plan de adaptación. Son vostedes os únicos responsables deste desastre, de preocuparse máis pola publicidade ou pola propaganda que mellorar as condicións de accesibilidade do noso concello.

Doutro xeito como o noso partido é un partido comprometido coa xente, o noso voto sempre é pensando no beneficio das nosas veciñas e veciños e non en función das siglas do partido que presenta a moción, como acabamos de ver e como fai de maneira sistemática Terra Galega e o PSdeG. E por eso nós imos a votar a favor desta moción do BNG porque é beneficioso para a cidadanía de Narón. E a verdade é que é vergoñento e non hai excusa, xa o ano pasado cando presentamos unha moción sobre a accesibilidade, votar en contra porque o estamos a facer pero é que señores do goberno, levan moitos anos e eso está deixado da man de Deus. Aquí non podemos dicir: no, levamos 2 anos, antes gobernaban outros..... no, son vostedes. E isto é unha vergoña. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, dicir que se dende o 2019 se comezou, rogamos por favor, que se remate antes do 2022 e xa pasaron 3 anos. Estamos falando dun momento que este grupo municipal nin sequera estaba, agradeceríavos que fóra da axenda que se fixera ese traballo porque non costa tanto e gañaría moitísima xente deste concello.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

### **13 %- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE DOTE DE SERVIZO DE SANEAMENTO ÁS EDIFICACIÓNS QUE CARECEN DO DEVANDITO SERVIZO NA AVENIDA MIGUEL DE CERVANTES MARXE DEREITA EN DIRECCIÓN A PIÑEIROS.**

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**QUE SE DOTE DE SERVIZO DE SANEAMENTO ÁS EDIFICACIÓNS QUE CARECEN DO DEVANDITO SERVIZO NA AVENIDA MIGUEL DE CERVANTES MARXE DEREITA EN DIRECCIÓN A PIÑEIROS.**

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Narón un Concello que conta con 39000 habitantes, sendo a oitava cidade da comunidade Autónoma Galega, o cuarto Concello da provincia da Coruña co maior número de habitantes.

A Lei 7/1985 reguladora das bases de Réxime Local, recolle entre as competencias que cada administración, a obrigación de exercer ante os cidadáns que residan no territorio, as



responsabilidades de dar os servizos regulados, en especial servizos básicos como son Saneamento, abastecemento ou os residuos sólidos urbanos entre outros.

O municipio de Narón sofre dunha grave desorde urbanística xerado por unha mala planificación, imperado nas últimas décadas do século XX, creándose un auténtico núcleo urbano contorna á Estrada de Castela e por Barrios sen promover un crecemento sostible e ordenado, carecendo dun plan Municipal de Accesibilidade encamiñado á eliminación das barreras arquitectónicas que no crecemento exponencial do urbanismo non se tiveron en conta, por tanto, atopámonos agora con barreiras que limitan a comunicación entre barrios, carecendo así de servizos básicos.

Narón conta con construcións da década dos anos setenta e oitenta que aínda carecen de servizos básicos, como é o saneamento, que lindan con viais provinciais e edificacións realizadas na época do crecemento exponencial e desordenado, por falta dunha planificación en pleno ano 2022 por tanto, en NARÓN temos zonas urbanas que carecen dese servizo básico como é o saneamento.

O Concello de Narón ten en proxecto a construción dun aparcamento en Piñeiros que linda coa Avda. Miguel de Cervantes e a senda Parque fluvial entre Avenida Miguel de Cervantes e rúa Conde de Fenosa.

Analizando ambos proxectos non se contempla a conexión á rede de Saneamento dos edificios situados na marxe dereita da Avenida Miguel de Cervantes en Dirección Piñeiros que na actualidade carecen do devandito servizo.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, **a adopción do seguinte:**

### **ACORDO**

Solicitamos ao Concello de Narón que dote de servizo de saneamento ás edificacións que carecen do devandito servizo na Avenida Miguel de Cervantes marxe dereita en dirección a Piñeiros, aproveitando as obras que están previstas realizar na avenida Miguel de Cervantes como é o aparcamento de Piñeiros e Senda do Parque fluvial entre avenida de Cervantes e Conde de Fenosa.

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de TEGA e PSdeG-PSOE; e os votos favorables dos portavoces de PP e BNG) na Xunta de Portavoces de data 25-04-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: o noso grupo do Partido Popular presentou esta moción, para que se dote de servizo de saneamento ás edificacións que carecen do devandito servizo na Avda. Miguel de Cervantes marxe dereita en dirección a Piñeiros.

Narón é un Concello que conta con 39000 habitantes, sendo a oitava cidade da Comunidade Autónoma Galega, o cuarto Concello da provincia da Coruña co maior número de habitantes.

A Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, recolle entre as competencias que cada administración, ten a obrigaón de exercer ante os cidadáns que residan no territorio, as responsabilidades de dar os servizos regulados, en especial servizos básicos como son saneamento, abastecemento ou os resíduos sólidos urbanos entre outros.

Narón conta con construcións da década dos anos setenta e oitenta que aínda carecen de servizos básicos, como é o saneamento, que lindan con viais provinciais en edificacións realizadas na época





do crecemento exponencial e desordenado, por falta dunha planificación en pleno ano 2022 por tanto, en NARÓN temos zonas urbanas que carecen dese servizo básico como é o saneamento.

O Concello de Narón ten en proxecto a construción dun aparcamento en Piñeiros que linda coa Avda. Miguel de Cervantes e a senda Parque fluvial entre Avenida Miguel de Cervantes e rúa Conde de Fenosa.

Analizando ambos proxectos non se contempla a conexión á rede de Saneamento dos edificios situados na marxe dereita da Avenida Miguel de Cervantes en dirección Piñeiros que na actualidade carecen do devandito servizo.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do acordo ao que deu lectura o Sr.Secretario. Nada máis.

-Sr.Santalla Borreiros: boa tarde a todos e a todas.

Mire por responder un pouco á súa exposición de Motivos. O concello de Narón leva instalando nos últimos anos ao redor de máis de 100 kilómetros de colectores de saneamento. E actuando en renovacións en máis de 30 kilómetros de colectores. Non creo que a día de hoxe moitos concellos poidan falar destas cifras con respecto a outros concellos.

A Avda. Miguel de Cervantes, para a súa información, está dotada da instalación do colector con todo o que é a avenida. E as casas que hai á marxe dereita que vostede solicita, non teñen máis que solicitar a conexión e engancharse ao saneamento. Outra cousa é que cada vivenda teña a súa dificultade, que ao mellor o que é o tubo de saída do saneamento da casa non lle dea a altura e tivera que bombear. Pero todo o que é a Avenida Miguel de Cervantes, ten a conexión co saneamento.

E despois hai outra cousa que realmente non é entendible. Un proxecto que saíu a licitación, que está adxudicado e que está iniciado, non querrá unir agora as casas, non sei a que ven unha senda peonil ou ciclista co saneamento dunhas vivendas.

-Sr.Castrillón Permuy: sobre os datos que me deu dos colectores, bueno, pois enhoraboa, está ben, teñen que facelo. É un servizo básico que teñen a obriga de facelo aos veciños. Polo tanto, enhoraboa, terían que facer en vez de 100 e 30 terían que facer 200 e 60. Eso sería mellor. Entón daríamolles a enhoraboa máis grande todavía.

Pero mire, o que está falando vostede, de Miguel de Cervantes, non é como di vostede. Vostede que quere, obrigar aos veciños a que bombeen? Xa vexo que non ten plan. Mire, non me enseñe o plano. Eu coñezo o plano, e coñezo a situación, e coñezo os edificios. Xa vexo que non ten plan novo. Nin pensou nin discurreu niso.

Primeiro, cando ten pensado vostede facer a obra de cambiar a tubería de auga que ten agora mesmo naquela zona de fibrocemento? Cando ten pensado facelo? Non ten plan? Mire, cando faiga esa obra o que ten que facer, que é unha vía da Diputación, ir á Diputación, pedirlle axuda e facer o saneamento desas vivendas. E traelas a conexión abaixo ao Cadaval, que é onde pode ter a altura suficiente para conectarse, non facerlles bombear.

Vostede sabe o que custa... e debe sabelo porque ten algúns por aí e debe de pagar algún recibo o concello a fin de mes, do que costan os bombeiros. Vostede quere que os veciños todos bombeen cando teñen outra posibilidade. A verdade é que non van ao terreo. Nin traballan nin fan os estudos correspondentes. E os da parte de arriba que están sin el, vostedes hai poucos anos fixeron unha obra do saneamento, o campo de fútbol do Cadaval, no, para bombear, como non fixeron un estudio e os veciños da outra parte se conectan aí e bombean e quen o fai é o Concello. A realidade é que non pensan. Aquí hai que vir a traballar e para solventar os problemas dos veciños. E non

poñerlles máis gastos e máis impostos. Esa é a realidade. Cando ten pensando ( lle pregunto outra vez para que me conteste, que non faigo como a alcaldesa que se vai... e non contesta ), cando ten pensado facer o cambio de tuberías de fibrocemento nesa rúa? Cando me conteste, despois sígolle decindo. Moitas grazas.

-Sr. Santalla Borreiros: que eu saiba na súa moción non fala nada desa pregunta que me está a facer. En ningún lado da moción pon cando se vai a cambiar a tubería de fibrocemento que pasa pola Miguel de Cervantes. A verdade é que non o pon en ningún lado.

Para poder facer o que vostede di de pasar o colector á parte de abaixo que habería que cruzar o río para ir ao colector xeral, hai que cruzar fincas privadas e para cruzar fincas privadas, para un aproveitamento dunha vivenda particular, comprenderá que eso non se pode facer.

E entón, calquera vivenda, e non vaia comparar un bombeo, dos litros que ten que bombear un saneamento dunha parroquia enteira cun saneamento dunha casa. Así que non veña aquí ensinarnos agora o que vai a consumir un bombeo dunha parroquia cun bombeo dunha casa.

-Sr.Castrillón Permy: creo que non me comprendeu. Eu non lle mando que vaia cruzar o río Sr.Santalla; na mesma cuneta que baixa, pode vostede conectalo co que ven das vivendas de enfrente, co que ven do Cadaval que aí si que dá a altura suficiente e por riba pódelle pedir á Diputación que lle faiga as beirarrúas nesa zona, que está sin elas. E vostede vai facer a obra do aparcamento do campo de fútbol que, por certo, tiveron que anular a licitación porque non tiñan os informes sectoriais e polo tanto, teñen a oportunidade de solventar agora ese proxecto.

Esa é a realidade. E do campo de fútbol creo que pagará o contador no. Aí non hai unha parroquia enteira e sabe, pode ter unha referencia, o que lle pode costar a un veciño cando lle faiga bombear o saneamento. E creo que non estamos en tempos deso. E máis ao prezo que está agora mesmo a electricidade.

Entón, faigan o estudo correspondente e doten esas vivendas de servizo. E aproveiten a pedirlle á Diputación que lle faiga as beirarrúas nese trozo que falta.

Eso é como teñen que facer, e polo tanto, lles pido que voten a favor desta moción porque os veciños necesitan eses servizos básicos e non procede que despois cando teñamos unha senda tan bonita, para aparcamento tan bonita, que algunhas augas residuais baixen cara o río por aí abaixo. Porque o concello ao mellor non lles dá o servizo suficiente. E ao mellor ten que ver que algún tubo que hai por alí, que ao mellor ten que ver, que pasa con ese tubo. Ten que velo. Pero vexo que coñece pouco territorio, que andivo pouco no territorio e que non fixo o suficiente estudio da zona para darlles ese servizo aos veciños.

E eu non lle poño aquí o da tubería, sabe por que non llo poño? Porque home, pensei que vostede xa o tería e que me ía a contestar con eso. Dice “mira, cando faiga esto, voulle poñer esto aos señores” non lle vou poñer todo na moción, no, teño que meter algo para o debate, fóra do que ven na moción. Loxicamente. Pero sí é certo que vostede debe e sabe que esa tubería non cumpre. E que hai tempo que lle prometeron aos veciños que ían facer, están á espera por exemplo, por eso é unha obra urxente e espero que faiga esa obra a cambio das tuberías e máis de paso que meta o saneamento a esas vivendas que lles falta e que estude como facer cas outras vivendas co que fixo o bombeo do campo de fútbol do Cadaval. Que perderon unha oportunidade extraordinaria de dar servizo a toda esa zona.

Nada máis e moitas grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON aprobou** a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2



## 14 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO AO POBO SAHARAUI. -

Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do BNG do Concello de Narón presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción:

### **Exposición de motivos:**

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexítimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte , e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sáhara Occidental.

Narón, 18 de abril de 2022

## **OLAIA LEDO DÍAZ**

Voceira do BNG de Narón

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de TEGA, PP e PSdeG-PSOE; e o voto favorable da portavoz do BNG) da Xunta de Portavoces de data 25-04-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

### **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: ben. Creo que é clara a exposición de motivos e cremos que aínda é importante insistir neste aspecto sobre todo porque cremos que a saída do conflito dialogada e para eso remitímonos aos acordos de 1.991 no que se acordaba nun referéndum da determinación ao pobo saharauí e está nas Nacións Unidas, no, de mediadora e cremos que a liberdade das persoas e o dereito a vivir no seu pobo con todos os dereitos está por riba de condicións xeoestratéxicas que poidan considerar máis interesadas ou no dependendo do goberno de turno, pero que ademais nos parecen bastante raras dende o Bloque Nacionalista Galego tendo en conta a situación que xerou con Alxeria, debe ser que Alxeria non ten a quen vender o seu gas últimamente ou toda a situación creada. E se é por parar a emigración que está en Ceuta e Melilla porque non cremos realmente que haxa un problema de seguridade ou que Marrocos queira ir en contra dun país da OTAN porque entón a OTAN aí si defendería militarmente non entregando armas e non cremos que eso vaia acontecer senón porque ao mellor o goberno do Estado quere que a dictadura marroquí lle faga o traballo sucio. Aí non imos estar e de todos e todas é sabido o noso apoio ás reclamacións lexítimas do pobo saharauí que é verdade que o reino de España ten bastante responsabilidade ao respecto da situación na que se atopan agora mesmo.

-Sra.García Blanco: boa tarde de novo.

O noso voto vai a ser favorable e como non pode ser doutro xeito porque son moitos os anos que levamos traballando dende Narón apoiando á asociación que traballa polo pobo saharauí, colaborando neses programas que teñen como é o programa de Educación en paz, e non se entendería polo tanto, un voto distinto ao de votar favorablemente desto. Estamos de acordo con que o Sahara ten que ter o seu dereito a decidir libremente, que é un pobo que moitos dos máis velliños aínda conservan o antigo carnet español, que é un pobo español e que polo tanto, non podemos votar doutra maneira. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: grazas de novo Sra.alcaldesa.Boas tardes de novo.

Bueno, con respecto a esta moción, o noso grupo municipal quixera expresar varios puntos.

Primeiro, comentarlle á concelleira do BNG que en moitos plenos falamos de que levamos mocións que non teñen que ver con Narón e neste caso, son vostedes. Aplíquense o conto.

En segundo lugar, o goberno do PSOE e Unidas Podemos, non só traicioa o pobo saharauí senón que traizoa a máis de 40 anos de parlamentarismo, 47 exactamente. O Sr.Sánchez como un dictador máis cré que é o xefe de estado e realiza acordos coa lei de Marruecos á espalda do seu propio goberno. Lembremos que incluso o ministro de exteriores se enterou da carta a través dos medios de comunicación, o 18 de marzo, e o que é peor, a espaldas de todos os grupos políticos representados no Parlamento e a política exterior dun país non a marca unha persoa, nun país democrático claro, senón que a marca o consenso de todos os grupos parlamentarios representados nas Cortes. Cando quere facer unha persoa é un dictador. Está claro.

En terceiro lugar, logo de tensionar dende o primeiro día as relacións co reino de Marruecos, lembremos que en toda a historia democrática do noso país, o presidente do goberno recién electo, a súa primeira viaxe sempre foi ao reino de Marruecos, o Sr.Sánchez non o fixo, eh. E a partir de aí coa acollida irregular de Brahim Gali que lembremos que está en busca e captura por crímenes de deshumanidade e se acolleu de maneira irregular a espaldas de todos os grupos parlamentarios

pois con esto xa dinamitou as relacións con Marruecos ata o punto de que o rei de Marruecos mandou para casa a súa embaixadora en maio de 2021. E que voltou 10 meses despois.

Tras este acordo escuro cualificado simplemente como satisfactorio, o Sr.Sánchez non explicou nada do mesmo de xeito claro e explícito a todos os grupos parlamentarios. De feito limitouse a dicir “ *que se recupera la cooperación y se evitan acciones unilaterales*”.

É dicir, deixa ao noso goberno en situación de franca debilidade e escaso peso político nacional.

Cuarto, ademais de traicionar ao pobo saharai, o Sr.Sánchez tamén rompeu relación con Arxelia; de feito, Arxelia que é outro dos países implicados neste conflito, retirou seu embaixador, e non soamente eso senón que cos movementos do Sr.Sánchez fixo que pagásemos un 10% máis caro o gas que nos suministra Arxelia. E de feito foi o único país a España a quen lle subiron un 10% o gas. É máis, hoxe mesmo vimos nos periódicos que Arxelia está xa amenazando con deixarnos de suministrar todo o gas. Que no noso caso, o 40% do que se consume aquí en España.

Tema da soberanía: Pois mire, para quen o saiba ou para que non o saiba, Marruecos é un estado independente dende 1956, antes pertencía a Francia. As Illas Canarias son territorio español dende 1496; Melilla dende 1497 e Ceuta dende 1640. É dicir, máis de 500 anos. E a soberanía dun país non a marcan os veciños. A marca un mesmo.

Con respecto a esta moción, nós estamos a favor do cumprimento e respecto dos dereitos humanos do pobo saharai, e estamos a favor de que este conflito se resolva no marco das Nacións Unidas e esperamos que o seu novo enviado especial contribúa ao cumprimento das resolucións de Nacións Unidas e tamén que se faga cumprir o alto ao fogo entre Marruecos e o Frente Polisario.

Con respecto ao dereito de autodeterminación do pobo saharai, eso non se contempla nin na Constitución Española, nin é competencia do goberno de España, senón que eso térase que dirimir no marco das Nacións Unidas. Por eso, como ven no primeiro punto, non podemos votar a favor desta moción. Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

### **15º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES**

Non houbo.

### **16 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO. –**

Dase conta das resolucións de marzo de 2022.

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldía	EXPTE. DII EXCESIVOS TAXA OCUPACION VIA PUBLICA : PADRON FEIRON SANTA ICIA 2021	02-03-2022	585
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE ALTA NO PADRON DE HABITANTES NA RUA MURILLO, 2, 3º IZDA	02-03-2022	586
Decreto de Alcaldía	RA APROBAR PAGO DA LIQUIDACIONES TC1/31 COTIZACION ADICIONAL BOMBEIROS FEBREIRO A MAIO 2018	02-03-2022	587
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA MARIA DOLORES MONTERO LOPEZ (FEBREIRO 2022)	02-03-2022	588

Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT XOSE HERIQUE CALVO TUIMIL	02-03-2022	589
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE PASE A SEGUNDA ACTIVIDADE	02-03-2022	590
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	02-03-2022	591
Decreto de Alcaldía	Procedementos sancionadores de tráfico	02-03-2022	592
Decreto de Alcaldía	Anular liquidación da reserva 21/22 obxecto da referencia interna 326402	02-03-2022	593
Decreto de Alcaldía	MEJORA DE LA ENVOLVENTE TÉRMICA DEL CENTRO DE FORMACIÓN "IRMÁNS FROILAZ"	03-03-2022	594
Decreto de Alcaldía	OEP_ ARQUITECTO/A TECNICO/A (OEP 2021)	03-03-2022	595
Decreto de Alcaldía	DEVOLUCION SANCION E ANULACION SANCION ACATAMENTO SENTEZAS MAM/342/2020 E MAM/279/2020	03-03-2022	596
Decreto de Alcaldía	DEPUT_2022 PAGO DE TAXA PUBLICACION DE SUBVENCIONES	03-03-2022	597
Decreto de Alcaldía	DELEGACIONES ALCALDIA	03-03-2022	598
Decreto de Alcaldía	RESOLUCIÓN CT-6/2022	03-03-2022	599
Decreto de Alcaldía	RESOLUCION CT-9/2022	03-03-2022	600
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	601
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	602
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	603
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	604
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	605
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	606
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	607
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	608
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	609
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	610
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	611
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	03-03-2022	612
Decreto de Alcaldía	ENTERRO DO MOMO O DÍA 5 DE MARZO DE 2022	04-03-2022	613
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE DE AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTO "REUNIÓN EIXO ATLÁNTICO" DE JUAN PABLO MAURIZ ROMERO	04-03-2022	614
Decreto de Alcaldía	OBRAS DE ACCESIBILIDADE E REFORMA DA R/MARCIAL CALVO	04-03-2022	615
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR NOMINA COMPLEMENTARIA MIGUEL ANGEL CABEIRO MENGIBAR (FEBREIRO 2022)	04-03-2022	616
Decreto de Alcaldía	ORDE DE EXECUCION DA CARGA SOBRE PARCELA SITA NO LUGAR DE PENA DE EMBADE (CASTRO)-	04-03-2022	617
Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	04-03-2022	618
Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	04-03-2022	619



Alcaldia			
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION PAGO CANON POSTO EN PASEO MARITIMO XUVIA	06-03-2022	620
Decreto de Alcaldia	CONTRATO MIXTO DE SUMINISTROS Y SERVICIOS PARA EL DESARROLLO EJECUTIVO, PRODUCCION, FABRICACION, SUMINISTRO Y MONTAJE DEL MOBILIARIO, EQUIPAMIENTO Y ELEMENTOS EXPOSITIVOS DEL CENTRO DE INTERPRETACION DE LOS MOLINOS INDUSTRIALES DE XUVIA (CIMIX)	07-03-2022	621
Decreto de Alcaldia	RA AXUDA XUBILACION	08-03-2022	622
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA XOSE HERIQUE CALVO TUIMIL (FEBREIRO 2022)	08-03-2022	623
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MARIA SUSANA PITA RODRIGUEZ	08-03-2022	624
Decreto de Alcaldia	RA S/APORBAR COMPLMENTO IT ANGEL GUSTAVO COTA CASTELEIRO	08-03-2022	625
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT PILAR PEREZ NEIRA	08-03-2022	626
Decreto de Alcaldia	Transmisión de titularidade da actividade de café-bar na rúa Linares Rivas Nº 30	08-03-2022	627
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO DAS HORAS EXTRAS DO SERVIZO DE SPEIS DO MES DE XANEIRO (POR NOMINCA COMPLEMENTARIA DE OSCAR POUTON REBOREDO)	08-03-2022	628
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-3/2022	08-03-2022	629
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. NOMEAMENTO AVOGADO PROCEDEMENTO ORDINARIO 76/2022	08-03-2022	630
Decreto de Alcaldia	RESOL. NOMEAMENTO AVOGADO SV 3/21	08-03-2022	631
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION PAGO SINISTRO POR VERTI.	08-03-2022	632
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO DAS HORAS EXTRAS DO SERVIZO DE SPEIS DO MES DE XANEIRO 2022 A PAGAR EN MARZO 2022	08-03-2022	633
Decreto de Alcaldia	PV_PERMISO DE PATERNIDADE	08-03-2022	634
Decreto de Alcaldia	Levantamento reparo Liquidación 4 trimestre 2021 Fogar Infantil	08-03-2022	635
Decreto de Alcaldia	RECURSO PLUSVALÍA ADA TORRES	08-03-2022	636
Decreto de Alcaldia	OEP_OFICIAL ELECTRICISTA (OEP 2020)	08-03-2022	637
Decreto de Alcaldia	REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE CIMADEVILA - CANTEIROS (O VAL)	08-03-2022	638
Decreto de Alcaldia	DEVOLUCION SANCION E ANULACION SANCION ACATAMENTO SENTENZAS MAM/342/2020 E MAM/279/2020	08-03-2022	639
Decreto de Alcaldia	Procedementos sancionadores de tráfico	08-03-2022	640
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION AMPLIACION PRAZO CPSI-22/2020	09-03-2022	641
Decreto de Alcaldia	REPARACION DE PAVIMENTO E REFORZO DE RODADURA EN CAMIÑOS DA ZONA RURAL. LOTE 3: REFORZO DE RODADURA EN CAMIÑOS DE O VAL E SAN MATEO	09-03-2022	642
Decreto de Alcaldia	V_SOLICITUDES TELETRABALLO	09-03-2022	643



Decreto de Alcaldía	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	10-03-2022	644
Decreto de Alcaldía	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	10-03-2022	645
Decreto de Alcaldía	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	10-03-2022	646
Decreto de Alcaldía	PAQUETE TURÍSTICO MARÍTIMO-PESQUEIRO E TALLER FORMATIVO MERCA MADRID	10-03-2022	647
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE DÚAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO SECTOR DE IDIOMAS, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE FORMACIÓN	10-03-2022	648
Decreto de Alcaldía	anulación plusvalía expte.- 139/2022	10-03-2022	649
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MIRIAM ALONSO DOMINGUEZ	10-03-2022	650
Decreto de Alcaldía	RA CURSOS FORMACION 2021	10-03-2022	651
Decreto de Alcaldía	ADQUISICIÓN CINEMÓMETRO	10-03-2022	652
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR CONCESION ADIANTO ORDINARIO A MANUEL BELLO MARTINEZ	10-03-2022	653
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR CONCESION ADIANTO ORDINARIO A MARIA DOLORES MONTERO LOPEZ	10-03-2022	654
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA FERNANDO ARES MAURIZ (FEBREIRO 2022)	11-03-2022	655
Decreto de Alcaldía	RA s/aprobar pago IRPF febreiro 2022	11-03-2022	656
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT JUAN CARLOS YAÑEZ CAGIAO	11-03-2022	657
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR NOMINA COMPLEMENTARIA OSCAR POUTON REBOREDO (FEBREIRO 2022)	11-03-2022	658
Decreto de Alcaldía	AUTORIZACIÓN INTALACIÓN DE EQUIPO ELECTRÓNICO (TPV VIRTUAL) EN EXPENDEDORA TÁCTIL PARA O COBRO DAS TASAS POLO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	11-03-2022	659
Decreto de Alcaldía	ADXUDICACION ACORDO MARCO PARA PRESTACIÓN DE SERVICIOS BANCARIOS	11-03-2022	660
Decreto de Alcaldía	RA CESE INTERINAXE OFICIAL ELECTRICISTA (VACANTE 02.09.C039)	11-03-2022	661
Decreto de Alcaldía	SUBSTITUCIONS XEFE SERVIZO INTERVENCION E FACENDA 11/03/2022	11-03-2022	662
Decreto de Alcaldía	XANTAR POPULAR NO PAVILLÓN DO LOCAL SOCIAL DE SEDES O 13 DE MARZO DE 2022	11-03-2022	663
Decreto de Alcaldía	RESOLUC. INCRIC. RPF. 1041	11-03-2022	664
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	11-03-2022	665
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	11-03-2022	666
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	11-03-2022	667
Decreto de Alcaldía	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	11-03-2022	668
Decreto de Alcaldía	Autorizar circulación de transporte especial	11-03-2022	669
Decreto de Alcaldía	Autorizar circulación de transporte especial	11-03-2022	670
Decreto de Alcaldía	Autorizar circulación de transporte especial	11-03-2022	671
Decreto de Alcaldía	Autorizar circulación de transporte especial	11-03-2022	672
Decreto de Alcaldía	LIQUIDACION COPIAS INFORME	14-03-2022	673



Decreto de Alcaldia	NF_NOEMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIO (PATERNIDADE DE ROI PANTIN)	14-03-2022	674
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID NON CONVIVINTES	14-03-2022	675
Decreto de Alcaldia	INFRACCION COVID REUNION	14-03-2022	676
Decreto de Alcaldia	LIQUIDACION COPIAS NOTIFICACIONES 3 EXP - INFRACCION MASCARILLA COVID NA ESTRADA DE CASTELA 735 "EL RINCON DE TRINI"	14-03-2022	677
Decreto de Alcaldia	NF_NOEMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIO DO TITULAR(PATERNIDADE DE ARES MAURIZ)	14-03-2022	678
Decreto de Alcaldia	CONTRATAACION OFICIAIS ELECTRICISTAS	14-03-2022	679
Decreto de Alcaldia	REANUDACION OBRAS DE ACCESIBILIDADE E REFORMA DA R/MARCIAL CALVO	14-03-2022	680
Decreto de Alcaldia	Sx_APROBACION C. PRODUCTIVIDADE POR SUBSTITUCIONS SECRETARIA 2022	14-03-2022	681
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO DAS HORAS EXTRAS DA POLICIA LOCAL DE FEBREIRO A PAGA EN MARZO 22	14-03-2022	682
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO HORAS EXTRAS DO SPEIS DE FEBREIRO A PAGAR EN MARZO 2022	14-03-2022	683
Decreto de Alcaldia	EMPRAZAMENTO INTERESADOS NO PROC. ABREVIADO 41/2022	14-03-2022	684
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE PRESTACION ECONOMICA , Conchado Monteiro, Erika.	15-03-2022	685
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT EVA MARIA RODRIGUEZ FRAGA	15-03-2022	686
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT PABLO FREIJOMIL OJEA	15-03-2022	687
Decreto de Alcaldia	COMPENSACION CLECE ACORDO TRANSACCIONAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	15-03-2022	688
Decreto de Alcaldia	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBEDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: BEATRIZ LAGE RIAL (*****)	15-03-2022	689
Decreto de Alcaldia	EXERCICIO DE ACTIVIDADE DE DISCOTECA SEN CAMBIO DE TITULARIDADE - LOCAL DISCOTECA CHANGO- ESTRADA DE CASTELA 778 - IMPOSICION MULTA	15-03-2022	690
Decreto de Alcaldia	PROPOSTA APROBACION PROGRESION CARREIRA E INCREMENTO C.PRODUTIVIDADE POLO DITO CRITERIO P.FUNCIONARIO EFECTOS 01/03/2022	15-03-2022	691
Decreto de Alcaldia	RA APROBACION PROGRESION CARREIRA E INCREMENTO C.PRODUTIVIDADE POLO DITO CRITERIO P.FUNCIONARIO EFECTOS 01/03/2022	15-03-2022	692
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR PERFECCIONAMENTO DE TRIENIOS P FUNCIONARIO EFECTOS 01/03/2022	15-03-2022	693
Decreto de Alcaldia	RA APROBACION PROGRESION CARREIRA E INCREMENTO C.PRODUTIVIDADE POLO DITO CRITERIO P.FUNCIONARIO EFECTOS 01/03/2022	15-03-2022	694
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE ANULACION PAGO PLUSVALIA VIVENDA SITA EN PRAZA TRANVIAS 8 1ª	15-03-2022	695
Decreto de Alcaldia	LIQUIDACION ANO 2021	15-03-2022	696
Decreto de Alcaldia	LIQUIDACION ANO 2021	15-03-2022	697
Decreto de Alcaldia	CF_CURSO FORMACION 2022	15-03-2022	698

Decreto de Alcaldía	V- RECOÑECIMENTO SERVIZOS PRESTADOS	15-03-2022	699
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	700
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	701
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	702
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	703
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	704
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	705
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	706
Decreto de Alcaldía	Autorizar reserva de vía pública para mudanza	15-03-2022	707
Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	15-03-2022	708
Decreto de Alcaldía	Autorizar liquidación 20203515803OT04L000015 para pago taxa do Consorcio Contraincendios e Salvamento da Coruña	16-03-2022	709
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR NOMINA COMPLEMENTARIA BERNARDO ANEIROS FREIRE (FEBREIRO 2022)	17-03-2022	710
Decreto de Alcaldía	APERTURA CONTAS RESTRINXIDAS RECADACION (C19+ TPV CAIXEIRO DEPORTES), ANO 2022	17-03-2022	711
Decreto de Alcaldía	APERTURA CONTAS RESTRINXIDAS RECADACION (C19+ TPV CAIXEIRO DEPORTES), ANO 2022	17-03-2022	712
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT NOELIA COSTOYA CALVO	17-03-2022	713
Decreto de Alcaldía	INCOACION SANCIONADOR CON ORDE DE CESE INMEDIATO DA ACTIVIDADE- ESTRADA DE CASTELA 272-BAIXO - OS TRES PES	17-03-2022	714
Decreto de Alcaldía	RESOLUCION CONTRATO AVOGADO E PROCURADOR	17-03-2022	715
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION DE MULTA COERCITIVA 60€ POR MALEZA NA RUA ESPRONCEDA, 10	17-03-2022	716
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE CAMBIO DOMICILIO DE NOELIA SANCHEZ PEREZ E DO SEU FILLO MENOR NA R/ GARDA, 2, PT. 4, 6ºD	17-03-2022	717
Decreto de Alcaldía	Expedientes sancionadores de tráfico	17-03-2022	718
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MANUEL DIAZ MODIA	18-03-2022	719
Decreto de Alcaldía	RA APROBACION PRACTICAS "ASISTENCIA A LA DIRECCION" CIFP RODOLFO UCHA	18-03-2022	720
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT GULLERMO LOPEZ HERNANDEZ	18-03-2022	721
Decreto de Alcaldía	Solicitude axuda urxente necesidade JESICA JIMÉNEZ PÉREZ	18-03-2022	722
Decreto de Alcaldía	RA APROBACION PAGO C.PRODUTIVIDADE ASUNCION FUNCIONS XEFATURA SPEIS 22 A 25/02/2022	18-03-2022	723
Decreto de Alcaldía	RA APROBACION CPT POR ENTRADA EN VIGOR DA RPT 2022 CON EFECTOS 03/03/2022	18-03-2022	724
Decreto de Alcaldía	Subvención a asociacións e outras entidades de ámbito municipal (S-SOC-08)	18-03-2022	725
Decreto de Alcaldía	RA S/APROBAR O COMPLEMENTO DE IT MARIA RAQUEL SEOANE VILLANUEVA	18-03-2022	726
Decreto de Alcaldía	CONVENIOS NOMINATIVOS DE COLABORACIÓN (S-SOC-37) AECC ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA CANCER	18-03-2022	727
Decreto de Alcaldía	SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE VARIAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO SECTOR DO TRANSPORTE, DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE FORMACIÓN	18-03-2022	728



Decreto de Alcaldia	AFD 2021 2022	18-03-2022	729
Decreto de Alcaldia	OBRAS DE ACCESIBILIDADE E REFORMA DA R/MARCIAL CALVO	18-03-2022	730
Decreto de Alcaldia	Axuda financeira de urxente necesidade solicitada por D <sup>a</sup> . Patricia Gamallo Losada	18-03-2022	731
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE BAIXA POR INSCRICION INDEBIDA DE DIEGO EN RUA SAN BENIGNO Nº 12 3º DEREITA	18-03-2022	732
Decreto de Alcaldia	RA RECURSO ALZADA	18-03-2022	733
Decreto de Alcaldia	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS DE AS VIÑAS (S. MATEO), A FRAGA (S. XIAO) E BRAÑA (DOSO)	18-03-2022	734
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR CONCESION ADIANTO ORDINARIO A FRANCISCO JAVIER MAYOBRE RODRIGUEZ	18-03-2022	735
Decreto de Alcaldia	NF_ NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO OFICIAL ELECTRICISTA (VACANTE)	21-03-2022	736
Decreto de Alcaldia	CAMPAÑA PUBLICITARIA DE DATAS ESPECIAIS PARA O CONCELLO DE NARÓN DURANTE O ANO 2022	21-03-2022	737
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE AXUDA ECONOMICA, Fernández Vargas, Nancy.	21-03-2022	738
Decreto de Alcaldia	RA AUTORIZACION ASISTENCIA CURSO FORMACION 2021	21-03-2022	739
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MARIA JOSE YAÑEZ CAGIO	21-03-2022	740
Decreto de Alcaldia	ACEPTACION SERVICIOS MINIMOS CONTRATO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA	21-03-2022	741
Decreto de Alcaldia	CF_CURSOS DE FORMACION 2021	21-03-2022	742
Decreto de Alcaldia	CF_CURSOS DE FORMACION 2021	21-03-2022	743
Decreto de Alcaldia	NOTIFICACION DE CESION DE CREDITO, ENTRE UTE MOLINO XUVIA Y NOVICAP LIMITED	21-03-2022	744
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	21-03-2022	745
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	21-03-2022	746
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	21-03-2022	747
Decreto de Alcaldia	APROBACION CERTIFICACIONES 4, 5 Y 6 REHABILITACIÓN DO MUIÑO DE XUVIA	22-03-2022	748
Decreto de Alcaldia	CAMPAÑA PUBLICITARIA DE DATAS ESPECIAIS PARA O CONCELLO DE NARÓN DURANTE O ANO 2022	22-03-2022	749
Decreto de Alcaldia	AMPLIACION DA REDE DE SANEAMENTO O COUTO - NARON	22-03-2022	750
Decreto de Alcaldia	CF_CURSOS DE FORMACION 2022	22-03-2022	751
Decreto de Alcaldia	INSCRIC. RMA 402	22-03-2022	752
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-38/2021	22-03-2022	753
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE LIQUIDACION PLUSVALIA, ESCRITURA NOTARIO LUIS LANDEIRO, PROT. 292	22-03-2022	754
Decreto de Alcaldia	PAGO TRIBUNAIS ANO 2.022	22-03-2022	755

Decreto de Alcaldia	RA APROBAR PAGO C. PROD.POSTO SUPERIOR XEFATURA SERV.DISCIPLINA URB. E MED.AMBENTE 20/02/22 A 07/03/22 E 12 A 20/03/22	22-03-2022	756
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR APROBACION DESCONTO COTAS SINDICAIS NA NOMINA DE MARZO/2022	22-03-2022	757
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR DESCONTOS ADIANTOS REINTEGRABLES NOMINA DE MARZO/2022	22-03-2022	758
Decreto de Alcaldia	Procedimientos sancionadores de tráfico	22-03-2022	759
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Polícia Local por accidente de tráfico	22-03-2022	760
Decreto de Alcaldia	REPOSICIÓN DE CAUCHO EN VARIOS PARQUES DO CONCELLO	23-03-2022	761
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ADXUDICACIÓN A IMAXINAL GLOBAL DE CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION E COLOCACION DE CORTINAS DIVISORIAS PAVILLON GANDARA	23-03-2022	762
Decreto de Alcaldia	CF_ CURSOS FORMACION 2021	23-03-2022	763
Decreto de Alcaldia	RA CONVENIO PRACTICAS MASTER UNIVERSITARIO EN EFICIENCIA E APROVEITAMENTO ENERXETICO	23-03-2022	764
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT ALEJANDRO BLANCO VARELA	23-03-2022	765
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE PRESTACION ECONOMICA PARA NECESIDADES URXENTES DIVERSAS, Pinales Valenzuela, Rosa.	23-03-2022	766
Decreto de Alcaldia	BASES ESPECIFICAS ADMINISTRATIVO OPE E. 2020	23-03-2022	767
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO PERSOAL INTERINO ACUMULACION DE TAREFAS	23-03-2022	768
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-5/2022	23-03-2022	769
Decreto de Alcaldia	MESA INFORMATIVA CONTRA O CANCRO O 31/03/2022	23-03-2022	770
Decreto de Alcaldia	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	23-03-2022	771
Decreto de Alcaldia	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	23-03-2022	772
Decreto de Alcaldia	RELACION E RA DE FACTURAS ANO 2022	23-03-2022	773
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO INTERINAXE PARA A COBERTURA VACANTE 01.02.C025 (SPEIS)	23-03-2022	774
Decreto de Alcaldia	CF_ CURSO FORMACION 2021	23-03-2022	775
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Polícia Local por accidente de tráfico	23-03-2022	776
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Polícia Local por accidente de tráfico	23-03-2022	777
Decreto de Alcaldia	Resolución sancionadora de tráfico	23-03-2022	778
Decreto de Alcaldia	EXPTE., COMPENSACIÓN OFICIO DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: URESPA PROYECTOS Y OBRAS, SL (B70446182)	24-03-2022	779
Decreto de Alcaldia	INCOACION SANCIONADOR RUIDOS EN CALLE 88	24-03-2022	780
Decreto de Alcaldia	LOCAL INCUMPRIMENTO HORARIO COVID HOTEL CHIPS	24-03-2022	781
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MARIA JOSE GRANDAL CASTRO	24-03-2022	782
Decreto de Alcaldia	V_RECOÑECEMENTO SERVICIOS PRESTADOS	24-03-2022	783
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO HORAS EXTRAS ANO 2021 E 2022 SERVICIO INTERVENCION	24-03-2022	784

Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO HORAS EXTRAS DE AGOSTO 2021 A O SERVIZO DE SPEIS NA MONIMA DE MARZO 2022	24-03-2022	785
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	786
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	787
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	788
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	789
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	790
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	791
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	25-03-2022	792
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE PRESTACION ECONOMICA , Fernández Fernández, Antonio.	25-03-2022	793
Decreto de Alcaldia	MEJORA DE LA ENVOLVENTE TÉRMICA DEL CENTRO DE FORMACIÓN "IRMÁNS FROILAZ"	25-03-2022	794
Decreto de Alcaldia	ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA FOMENTO E APOIO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA GÁNDARA	25-03-2022	795
Decreto de Alcaldia	PLATAFORMA ÚNICA EN RÚAS LUÍS DE GÓNGORA E ESPRONCEDA	25-03-2022	796
Decreto de Alcaldia	AMPLIACION DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES - O PEREIRO	25-03-2022	797
Decreto de Alcaldia	MEJORA DE LA ENVOLVENTE TÉRMICA DEL CENTRO DE FORMACIÓN "IRMÁNS FROILAZ"	25-03-2022	798
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR PAGO NOMINA PERSOAL FUNCIONARIO MARZO/2022	28-03-2022	799
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR PAGO NOMINA P LABORAL, EVENTUAL E CORPORATIVO CON DEDICACION EXCLUSIVA MARZO/2022	28-03-2022	800
Decreto de Alcaldia	RA AXUDA XUBILACION	28-03-2022	801
Decreto de Alcaldia	DECRETO INCOACION INFRACCION MASCARILLA COVID NA ESTRADA DE CASTELA - ROTONDA DE FREIXEIRO	28-03-2022	802
Decreto de Alcaldia	RA CONVENIO PRACTICAS "SISTEMAS MICROINFORMATICOS E REDES" CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO	28-03-2022	803
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	28-03-2022	804
Decreto de Alcaldia	Autorizar informe da Policía Local por accidente de tráfico	28-03-2022	805
Decreto de Alcaldia	CONTRATO ADQUISICION DUN ETILOMETRO EVIDENCIAL	29-03-2022	806
Decreto de Alcaldia	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: RECICLAJE DE INERTES DEL NOROESTE, SL (B15625734)	29-03-2022	807
Decreto de Alcaldia	EXPTE. COMPENSACION DEBIDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO: GERIATROS, SA (A36780245)	29-03-2022	808
Decreto de Alcaldia	DILIXENCIA PROCEDEMENTO ABREVIADO 231/2021	29-03-2022	809
Decreto de Alcaldia	REPARACION ASFALTICA EN CAMIÑOS RURAIS DE: RIO BELLO, RAPADOIRO, A MATA, BARCELO, PORMARIÑO, RAPAXOTE E OUTROS	29-03-2022	810
Decreto de Alcaldia	Resolución sancionadora de tráfico	29-03-2022	811

Decreto de Alcaldía	Resolución sancionadora de tráfico	29-03-2022	812
Decreto de Alcaldía	RA APROBAR PAGO SEGURIDAD SOCIAL FEBREIRO/2022	30-03-2022	813
Decreto de Alcaldía	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	30-03-2022	814
Decreto de Alcaldía	RENOVACIÓN E ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA OS TRABALLADORES MUNICIPAIS ANO 2022	30-03-2022	815
Decreto de Alcaldía	ANULACION SANCIONS - INFRACCION MASCARILLA COVID	30-03-2022	816
Decreto de Alcaldía	PRESENTACIÓN DO PLAN ANUAL DOS SERVICIOS SOCIAIS SOCIOCOMUNITARIOS DO ANO 2022	30-03-2022	817
Decreto de Alcaldía	RA NOMEAMENTO ABOGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO BAREMACION BOLSA EMPREGO TECNICO PROMOCIÓN ECONOMICA	30-03-2022	818
Decreto de Alcaldía	ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO/TURISMO (TIPO SUV) PARA A POLICÍA LOCAL DE NARÓN	30-03-2022	819
Decreto de Alcaldía	APROBAR PAGO ASISTENCIAS A ORGANOS COLEXIADOS CONCELLEIROS MARZO 2022	30-03-2022	820
Decreto de Alcaldía	PAGO TRIBUNAIS ANO 2.022	30-03-2022	821
Decreto de Alcaldía	Axuda financeira de urxente necesidade solicitada por Dª. Carmen Lázaro Montes	30-03-2022	822
Decreto de Alcaldía	INFRACCION MASCARILLA COVID NA ESTRADA DE CEDEIRA FEAL 150	30-03-2022	823
Decreto de Alcaldía	EXPTE. COMPENSACION OFICIO DEBEDAS/CREDITOS CONCORRENTES. TERCEIRO:	30-03-2022	824
Decreto de Alcaldía	INCOACION SANCIONADOR DISCOTECA INK	30-03-2022	825
Decreto de Alcaldía	SOLICITUDE DE COPIAS- EXPTE. DIS/52/2020	30-03-2022	826
Decreto de Alcaldía	RS_RECOÑECEMENTO SERVICIOS PRESTADOS	30-03-2022	827
Decreto de Alcaldía	V_RECOÑECEMENTO DE SERVICIOS PRESTADOS	30-03-2022	828
Decreto de Alcaldía	SUBSTITUCIÓN SRA.ALCALDESA-PRESIDENTA O DÍA 31-03-2022	31-03-2022	829
Decreto de Alcaldía	PRESTACIONES ECONOMICAS PARA NECESIDADES URXENTES, Martinez Castillo, Diosis Dignora.	31-03-2022	830
Decreto de Alcaldía	R.A. DE REMATE DELEGACIÓN ALCALDÍA. ÁS 14:30 HORAS. DO DÍA DE HOXE.	31-03-2022	831

O Concello Pleno, deuse por enterado.

## **17º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS**

-Sra.alcaldesa: antes de darlles a palabra, para que non me volvan a decir que quedou unha pregunta que non contestei, lla contesto agora e despois logo sí lle paso a palabra ao resto.

- Se é válido o interlocutor Augas de Galicia ou no: nós pedimos que foran eles os que mediaran, nos sentamos a negociacións durante 3 ou 4 reunións, co cal nós o damos por válido e entendo tamén que o concello do lado, o seu alcalde Angel Mato, tamén o dá por interlocutor válido dende o momento en que se senta nesas reunións. O que está na súa cabeza non o sei. Por qué deixou esas negociacións a medias tampouco, se quere preguntello a el e se llo aclara encantada de que mo traslade.

Cando queiran, se queren formular algún rogo ou algunha pregunta.



-Sra.Ledo Díaz: nada, é un rogo, no.

Hoxe rexistrabamos unhas preguntas sobre a piscina terapéutica de cando se ía a volver a abrir e agora traemos aquí ao Pleno municipal o rogo de que se abra xa. Entroutras cousas, porque é moi necesario, as persoas que a utilizan ao mellor é das que máis necesitan ese uso da piscina, cambiaron as condicións agora da pandemia, podemos dicir que estamos falando de endemia, non entendemos que non estea aberta, algo que é necesario para a inclusividade de todos e todas como esa piscina terapéutica.

Ademais do servizo que se estaba prestando, que todos e todas sabemos que ten máis demanda, das prazas que se pode solicitar e por iso había ou nós pensamos que había un proxecto para facer outra piscina terapéutica e para ampliar ese servizo, non entendemos que agora siga pechada a que temos actualmente no pavillón da Gándara. Entón pedimos dende o noso grupo municipal que se atenda ás demandas das persoas usuarias dese servizo e que se reabra a piscina terapéutica.

-Sra.Castrillón Vidal: teñen controlada a plaga de moscas na parroquia de O Val?

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, sobre os colectores, no. Vostedes saben e son conscientes de que hai moitos problemas co cambio de colectores, no. De residuos sólidos urbanos, por falta dun estudio sobre a nova localización coa supresión de prazas para persoas con mobilidade reducida, eliminación de zonas de carga e descarga, colocación de zonas onde dificulta a incorporación a outros viais principais; todo isto motivado por que en determinados sitios da noite para a mañá desaparecen eses colectores onde levaban máis de 20 anos. Eso motiva que moitas persoas non saiban a onde teñen que ir a depositar as súas bolsas de residuos.

A maiores en determinadas zonas, se depositan colectores onde non teñen beirarrúas e sen accesibilidade para poder depositar as bolsas persoas con dificultades de mobilidade.

Cando teñen pensado solventar esta problemática?

Van 2 meses e este problema sigue en aumento.

Outra pregunta: sobre un curso que está xestionando o Concello de Narón petendente á Mancomunidade de socorristas, onde as prácticas se realizan na piscina municipal cun horario de 21 a 23 horas e o horario do socorrista responsable da piscina creo que remata ás 22:15 e a partir desa hora loxicamente non poden realizar as prácticas as persoas que están nese curso, no.

E creo que trasladaron ao concello esa dificultade, esa problemática, están á espera de que lles contesten porque si tardan moito tempo en contestarlle eso ao final non van ter as horas suficientes para que lles homologuen ese curso. Polo tanto, gustaríanos que solucionen rápido ese asunto para que poida o curso ser convalidado, das horas correspondentes.

E o outro día na Comisión de Obras, preguntamos e fixemos algúns comentarios sobre as obras que se están realizando na rúa Espronceda e na rúa Luis de Góngora así como o cambio de circulación, que había un estudio, pedimos copia dese estudio e como na comisión pois non contestaron con claridade aínda que estaba alí a persoa de obras, que nos podería haber contestado e non nos contestou; despois fomos á Policía Local, despois tivemos unha reunión coa Policía Local onde estivo tamén o concelleiro de Obras e solicitamos que nos pasaran copia dese estudio, dese cambio de circulación, que non entendemos; e tamén pedimos os informes correspondentes que teñan para facer ese cambio de circulación.

Nos gustaría que nos trasladaran ese informe e tamén lle quero recordar á Sra.alcaldesa, que os veciños do entorno non están conformes con ese cambio de circulación, que según comentan hai un estudio feito que non coñecemos, que parece ser que si que está na asociación de veciños, non sei se é completo ou incompleto, pero consideramos que os grupos políticos temos dereito a coñecer eses estudos e eses proxectos, cousa que me parece moi ben que os veciños sexan

coñecedores e se lles presente, pero home, que nolo trasladen a nós tamén sería moi importante, xa non por dicir outra cousa, no.

Entonces tamén me gustaría que nos pasaran esa información. Nada máis.

## **RESPOSTAS SRA.ALCALDESA;**

- Con respecto ao rogo da piscina terapéutica vale, é un rogo.
- Con respecto a si está controlada a plaga de moscas, nós non temos competencia neste, así que lle demos traslado en varias ocasións e se lle puxo de manifesto á Xunta de Galicia, para ver si toma medidas ao respecto. Estamos á espera.
- E con respecto ao que di do estudio dos colectores, non se suprimen prazas, xa llo dixemos por activa e por pasiva, non se suprimen prazas de minusválidos, o que se fai é que se reubican, se recolocan.

Estamos falando de que se van a colocar 1.700 contenedores novos. Cando van correxir as deficiencias? Bueno, pois no día a día como van xurdindo, é dicir, e o saben, o que pasa é que siguen repetindo e repetindo unha serie de cousas para ver si así se converten en realidade.

Pero como lle decía é unha implantación dun servizo novo que ten unhas dimensións, que poñer todos os contenedores novos en todo Narón, coas as dificultades que ten.

- Con respecto ao curso que fai a Mancomunidade nas instalacións municipais, si que se lle deron alternativas e me consta en que se lle van a volver a dar máis e o que pasa que nas horas que se lle fixan non aparecen, aparecen noutras, é dicir, non é todo o que se di nesa queixa de todo real, pero de todas maneiras imos a tratar de darlle unha solución para que poidan homologar e sobre todo, despois do interese que tivo o Concello de Narón aínda non tendo praias, para que salise adiante ese curso de socorrismo que non foron capaces de facelo noutros concellos.
- Con respecto á rúa Espronceda e Luis de Góngora, vostede mesmo se responde e se contradi. É dicir, se os veciños sabían cal ía a ser a proposta de novas direccións nesas rúas, se lle achegou á asociación de veciños e se lles consultou que lles parecía, se lle consultou a máis veciños e está en fase de estudio. Se vostede quere ver eso. A maiores xa me consta que tivo unha reunión onde lle explicaron cal era a proposta que se lle facía a través do servizo de policía para unha mellora dese trazado desas rúas e, non quere dicir de todas maneiras, que sexa definitivo como xa lle dixen na Xunta de Portavoces, pero lle entregamos tamén ese plano para que vostede o teña.

E creo que nada máis. Moitas grazas e moi bo día a todas e a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 20:25 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4